Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego para resolver a baixada da produción marisqueira da ría de Ferrol

- 5662 (11/POP-000725)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das responsabilidades políticas derivadas das acusacións da Fiscalía referidas a presuntas irregularidades relacionadas co proxecto de remodelación dun campo de fútbol no concello de Moaña

- 5676 (11/POP-000726)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún informe de carácter epidemiolóxico das 25 granxas de visóns existentes en Galicia respecto da covid-19



1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 5288 (11/PRE-000639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego en relación coa desaparición dun lote de berberechos nunha batea do Centro de Investigacións Mariñas de Vilanova de Arousa e as medidas adoptadas desde o ano 2016 para evitar a repetición destes feitos

- 5301 (11/PRE-000640)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do peche na actualidade das portas do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés en Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños, así como as actuacións previstas para posibilitar a súa apertura

- 5310 (11/PRE-000641)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da revisión da limitación do aforo nos espazos culturais, ao igual que o fixo cos lugares de culto ou co transporte público, e a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Universidade referida ás medidas adoptadas ao respecto

- 5325 (11/PRE-000642)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á incidencia que tería nas posibilidades de contaxio por covid-19 o aumento das frecuencias e/ou do número de prazas nos vehículos do transporte colectivo de viaxeiros, e a realización dalgunha xestión ou a adopción dalgunha medida ao respecto

- 5332 (11/PRE-000643)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio do procedemento para a declaración da casa Cornide, da cidade da Coruña, como ben de interese cultural

- 5343 (11/PRE-000644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula a aprobación polo Consello da Xunta de Galicia da construción dun parque eólico no concello de Mondoñedo

- 5349 (11/PRE-000645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego en relación coa recuperación das pías bautismais da igrexa románica de San Xián de Moraime, no concello de Muxía, espoliadas pola familia Franco, e as xestións levadas a cabo diante do Arcebispado de Santiago para interesarse pola súa reclamación

- 5353 (11/PRE-000646)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a titularidade da balsa mineira de San Fins, o estado da concesión e a responsabilidade da restauración do espazo da explotación, en particular da súa balsa de lodos, así como as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

- 5361 (11/PRE-000647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a continuidade da factoría de Alcoa en San Cibrao, as súas intencións respecto da demanda da súa intervención polo Estado e a valoración que fai da elección, chegado o caso, da alternativa de nacionalizar esa empresa

- 5375 (11/PRE-000648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á aplicación de descontos do 50 % nas viaxes de volta nas autovías de titularidade autonómica AG-55 e AG-57, así como a aplicación nelas dos mesmos descontos que se apliquen na AP-9 no ano 2021

- 5382 (11/PRE-000649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da eliminación da fenda dixital existente en Galicia, aproveitando o pulo que lle quere dar a Unión Europea á dixitalización dos seus territorios

- 5390 (11/PRE-000650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do non incremento desde o ano 2016 da partida orzamentaria destinada a financiar os convenios de colaboración cos concellos en materia de incendios forestais, a pesar da suba do salario mínimo interprofesional nos anos 2018, 2019 e 2020, e as súas previsións ao respecto

- 5395 (11/PRE-000651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as actuacións e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa sentenza xudicial referida á readmisión do alumnado de primeiro curso de primaria da escola de Verducido, no concello de Pontevedra



- 5400 (11/PRE-000652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a incidencia que están a ter para os sectores agrogandeiros de Galicia as condicións das pólizas dos seguros agrarios de Agroseguro e as intencións do Goberno galego respecto da realización de xestións para a súa adaptación á realidade de Galicia

- 5406 (11/PRE-000653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao incremento da dotación de persoal do PAC de Meira e a garantía dunha atención pediátrica de calidade no centro de saúde

- 5410 (11/PRE-000654)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o estado de tramitación do expediente do proxecto denominado Explotación da concesión derivada do permiso de investigación *Alberta I*, 1ª fracción, nº 4966.1 no termo municipal de Beariz (Ourense) e, se é o caso, as razóns da Xunta de Galicia para denegar a súa autorización

- 5414 (11/PRE-000655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Carreira Pazos, Iria

Sobre os datos referidos aos dereitos mineiros que se están a tramitar e vixentes na provincia da Coruña, o estado de tramitación do permiso de investigación solicitado por Geoniquel, S.L. e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coas sondaxes realizadas, nomeadamente no concello de Santa Comba

- 5428 (11/PRE-000656)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas e os avais aboados ao abeiro da Orde do 24 de abril de 2020 para o adianto do cobro das prestacións por desemprego aos traballadores acollidos aos expedientes de regulación temporal de emprego autorizados

- 5432 (11/PRE-000657)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 5 máis

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 26 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras do programa denominado Cheque autónomo seguimos adiante, e o prazo previsto para o pagamento destas axudas

- 5444 (11/PRE-000658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre os datos referidos á situación da atención hospitalaria á covid-19 na área sanitaria de Ferrol, o rastrexo de contactos con positivos e as probas PCR realizadas, así como as previsións do Sergas ao respecto



- 5453 (11/PRE-000659)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 3 máis

Sobre a información da Xunta de Galicia respecto da situación das empresas Malasa e Noa Madera Creativa, os datos referidos ás axudas públicas concedidas a estas nos dez últimos anos e a súa posible vinculación á creación, mantemento ou estabilización do emprego

- 5462 (11/PRE-000660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do contaxio masivo de covid-19 existente na residencia de persoas maiores Doral Residencias de Mos, a súa opinión respecto da necesidade de aumentar a periodicidade dos cribados neste tipo de centros e as medidas previstas para evitar a repetición destes casos

- 5475 (11/PRE-000661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das repercusións para Galicia das posibles fusións de Caixabank con Bankia e do BBVA co Banco de Sabadell e, en xeral, da posible evolución do mercado financeiro tras o impacto da covid-19

- 5486 (11/PRE-000662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a protección dos técnicos de emerxencias sanitarias do transporte sanitario terrestre fronte ao contaxio polo SARS-CoV-2, as razóns que hai para non realizarlles tests para a súa detección e os datos referidos ás inspeccións levadas a cabo ao respecto

- 5497 (11/PRE-000663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das garantías ambientais e patrimoniais das obras de ampliación da estrada OU-0509 e o seu posible impacto na contorna do ben de interese cultural de San Pedro de Rocas, no concello de Esgos, así como os informes emitidos e as alegacións presentadas ao respecto

- 5509 (11/PRE-000664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a negociación pola Xunta de Galicia na actualidade da distribución dos fondos da nova política agraria común para o período 2021-2027 e as propostas ou demandas que está a realizar ao Goberno central ao respecto

- 5523 (11/PRE-000665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis



Sobre as previsións e o cronograma do Goberno galego para a construción dun centro de saúde no barrio ourensán do Vinte e Un

- 5530 (11/PRE-000666)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a información da Xunta de Galicia referida á diminución dos diagnósticos de cancro en Galicia durante o ano 2020 en relación cos recentes anos anteriores e os datos ao respecto

- 5534 (11/PRE-000667)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do establecemento dalgún protocolo específico para avaliar e computar axeitadamente o volume de persoas contaxiadas e falecidas pola gripe, de xeito diferenciado das afectadas pola covid-19

- 5540 (11/PRE-000668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a xestión que está a levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa investigación sanitaria

- 5549 (11/PRE-000669)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as razóns do Goberno galego para non rescindir os contratos asinados coas empresas para a explotación dos aparatos de televisión dos cuartos dos centros hospitalarios de Galicia, co fin de establecer a gratuidade do seu uso para as persoas ingresadas

- 5556 (11/PRE-000670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre os datos do Goberno galego referidos ao impacto que tería a posible fusión do BBVA co Banco Sabadell no emprego e no mercado crediticio e hipotecario de Galicia e, se é o caso, as medidas que vai implantar ao respecto

- 5561 (11/PRE-000671)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 da partida necesaria para a execución das obras de ampliación do Centro de Saúde do Porriño

- 5571 (11/PRE-000672)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da garantía de axudas directas ás axencias de viaxes para evitar o seu peche no ano 2021 e, se é o caso, a inclusión dos gastos fixos e a renovación dos seguros, así como a elaboración de plans reais de reactivación do sector

- 5577 (11/PRE-000673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación do servizo de axuda no fogar e das condicións laborais das súas traballadoras, así como as medidas que vai adoptar para a súa mellora e adaptación á realidade actual

- 5580 (11/PRE-000674)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da exclusión de Galicia da rede básica do corredor atlántico de mercadorías entre os anos 2013 e 2018, así como as propostas presentadas e as xestións realizadas diante da Comisión Europea ao respecto

- 5588 (11/PRE-000675)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para autorizar as actuacións que se están a executar no castro de Toiriz, no concello de Silleda, dentro do Proxecto de restauración e musealización dos xacementos galaico-romanos de Pontevedra, así como as súas previsións respecto da paralización e reformulación deste proxecto

- 5605 (11/PRE-000676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre as razóns da baixada do número de PCR que viña realizando o Sergas na Área Sanitaria de Vigo, a pesares do impacto que está a ter a covid-19 nela, e a opinión do Goberno galego ao respecto

- 5612 (11/PRE-000677)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da intervención da residencia de maiores Doral residencias de Mos, os parámetros ou o protocolo obxectivo existente para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios por covid-19, e os medios humanos e materiais que se habilitan unha vez intervido o centro

- 5616 (11/PRE-000678)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para paralizar a tramitación da proposta de ampliación da Rede Natura 2000 iniciada no ano 2012, e o número de parques eólicos construídos, de proxectos eólicos previstos ou en tramitación e de proxectos de repotenciación previstos no ámbito territorial desa ampliación



- 5626 (11/PRE-000679)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das denuncias referidas ás supostas irregularidades na tramitación dos novos contratos do transporte público por estrada, e a incidencia que vai ter a covid-19 nela e na posta en marcha deses contratos

- 5641 (11/PRE-000680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o criterio que se está a aplicar para a realización das PCR para detectar a covid-19, as razóns da súa baixada repentina, incluso nas áreas nas que aumentan os contaxios e a opinión do Goberno galego ao respecto

- 5649 (11/PRE-000681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de abordar un debate rigoroso cara a implantación dun sistema tributario máis progresivo, equitativo e xusto, diante da baixada da recadación xerada pola covid-19

- 5654 (11/PRE-000682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a valoración que fai e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co anuncio en marzo de 2018 dun investimento de 20 millóns de euros para o Proxecto Ecobarrio da Ponte, en Ourense e a execución na actualidade de só 695.856 euros

- 5663 (11/PRE-000683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da declaración da emerxencia climática en Galicia

- 5664 (11/PRE-000684)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación coa baixada da produción marisqueira da ría de Ferrol, as súas causas e a realización dalgún estudo ao respecto

- 5665 (11/PRE-000685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das responsabilidades políticas derivadas das acusacións da Fiscalía referidas a presuntas irregularidades relacionadas co proxecto de remodelación dun campo de fútbol no concello de Moaña



- 5679 (11/PRE-000686)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún informe de carácter epidemiolóxico das granxas de visóns existentes en Galicia, a súa opinión referida á existencia de perigo de aparición dun gromo de covid-19 nelas e as medidas adoptadas e previstas ao respecto

1.4.5. Respostas a preguntas

Cñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 5467 - 955 (11/PRE-000047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a fichaxe da exconselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola empresa Greenalia

BOPG nº 11, do 04.09.2020

- 5515 - 2030 (11/PRE-000206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as previsións do Sergas referidas ao restablecemento da atención presencial nos consultorios médicos de Paradela, no concello de Meis, e de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como sobre a atención pediátrica no de Meis, e sobre a súa opinión respecto da calidade da atención sanitaria que estes están prestando

BOPG nº 20, do 23.09.2020

- 5516 - 3309 (11/PRE-000380)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto da investigación sanitaria en Galicia e as condicións laborais das traballadoras e dos traballadores das fundacións biomédicas galegas

BOPG nº 31, do 15.10.2020

- 5468 - 3625 (11/PRE-000426)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre os criterios que está a seguir a Secretaría Xeral para o Deporte para a concesión de axudas, mediante convenios ou subvencións, para a construción ou mellora das instalacións deportivas de titularidade municipal, os datos referidos ás tramitadas na X lexislatura e a data prevista para a publicación do Censo de Instalacións Deportivas de Galicia, así como a operatividade e inscricións do seu rexistro

BOPG nº 34, do 22.10.2020



- 5518 - 3681 (11/PRE-000434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación coa contaminación detectada nas augas do río Eume o día 6 de outubro de 2020, os expedientes sancionadores abertos por contaminación desde a creación do parque natural das Fragas do Eume e os plans do Goberno galego para garantir a restauración ambiental do encoro e da súa contorna

BOPG nº 34, do 22.10.2020

- 5517 - 3712 (11/PRE-000440)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación, con carácter urxente, de pasos de peóns e regulación semaforica na estrada AC-546, ao seu paso polas parroquias de Barcala, Corneira e Ordoeste, no concello da Baña

BOPG nº 37, do 29.10.2020

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa ao expediente incoado a un profesional do Hospital de Verín.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A alarma social xerada polo coñecemento de que a dirección sanitaria de Ourense vén presuntamente de incoar, meses despois dun acontecemento aparentemente inocuo, un expediente a un profesional do Hospital de Verín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 21 de novembro o Diario do Támega avanzaba en exclusiva que presuntamente a xerencia de Ourense tería incoado un expediente disciplinario contra o xefe de xinecoloxía do hospital de Verín, Francisco Javier Castrillo por discrepar dun traslado ao Hospital de Ourense o pasado 30 de novembro.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Hai que recordar que o pasado 22 de novembro de 2019 unha delegación da dirección da EOXI de Ourense, Verín e Valdeorras liderada polo xerente, Félix Ruibal, comunicaba ás e aos profesionais do Hospital de Verín que a partir do 1 de decembro non se prestarían os servizos de sala de partos nin tampouco habería gardas de pediatría hospitalaria. Esta decisión chegaba despois dunha longa lista de agravios con este Hospital e foi contestada na rúa, tanto nunha histórica manifestación o pasado 30 de novembro de 2019, que foi contestada en mobilizacións feministas convocadas o pasado 4 de decembro en numerosas localidades do país e en constantes mobilizacións na comarca, na cidade de Ourense e cunha repulsa política xeral en Ourense e na oposición do Parlamento Galego. Finalmente, a Xunta tivo que rectificar e reabrir a sala de partos.

Entre outros feitos graves, o BNG e o feminismo denunciaron no seu día situacións como a vivida o 12 de decembro, cando se produciu un parto de urxencia e a velocidade de dilatación era tal que o persoal sanitario de Verín decidiu atender o nacemento no hospital comarcal e evitar os riscos dun traslado. Posteriormente sucedéronse graves feitos que precisaron a concorrencia do aparello xudicial e que remataron coa crianza sendo despois da súa nai e trasladada de forma separada até Ourense, con horas de diferenza, incumprindo os protocolos na materia e tendo posteriormente ademais un deficiente trato á nai unha vez chegada ao CHUO. Estes feitos constitúen un exemplo de violencia contra as mulleres e non foron investigados polo que sorprende que agora se coñeza un procedemento deste calibre contra un profesional que se significou publicamente a favor do mantemento do servizo en Verín e sobre un feito – a discrepancia sobre un traslado- que aparentemente foi inocuo canto ás súas consecuencias.

Esta situación parece a mostra dunha presión política máis por parte da dirección de Ruibal e da política da Xunta de Galiza para coartar ás e os profesionais críticos coas súas decisións, polo que é preciso que se dean explicacións ao respecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Cales son as razóns de que a dirección sanitaria de Ourense presuntamente incoara, meses despois dun acontecemento aparentemente inocuo, un expediente a un profesional do Hospital de Verín?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2020 09:26:51

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2020 09:27:00

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/11/2020 09:27:09

María del Carmen Aira Díaz na data 23/11/2020 09:27:20

Xosé Luis Bará Torres na data 23/11/2020 09:27:29

Iria Carreira Pazos na data 23/11/2020 09:27:41

Daniel Castro García na data 23/11/2020 09:27:52

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/11/2020 09:28:02

Alexandra Fernández Gómez na data 23/11/2020 09:28:16

María González Albert na data 23/11/2020 09:28:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2020 09:28:31

Rosana Pérez Fernández na data 23/11/2020 09:28:41

Daniel Pérez López na data 23/11/2020 09:28:52

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2020 09:29:02

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2020 09:29:10

Mercedes Queixas Zas na data 23/11/2020 09:29:20

Paulo Ríos Santomé na data 23/11/2020 09:29:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/11/2020 09:29:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/11/2020 09:29:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6^a polo trámite de urxencia**, relativa ao cese de Don Ángel Bernardo Tahoces das súas funcións como Director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Diante das últimas novidades respecto do inesperado cese de Don Ángel Bernardo Tahoces das súas funcións como Director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación, área na que estaba implicado desde que no ano 2009 é nomeado director xeral de Industria, Enerxía e Minas e ás posíbeis relacións con novidades respecto de procesos irregulares como a xestión de casos como o de Alberta I, San Finx ou Touro, entre outros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 20 de novembro coñecíase a decisión do goberno galego de cesar Ángel Bernardo Tahoces das súas funcións como Director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación, área na que estaba implicado desde que no ano 2009 é nomeado director xeral de Industria, Enerxía e Minas. Esta decisión é sorpresiva por suceder pouco despois da constitución do novo equipo de goberno e pola coincidencia temporal coa presentación de datos sobre os orzamentos, que acaparan a atención mediática, polo que parece claramente intencionado.

Cómpre recordar que en abril de 2019 fíxose público que a Fiscalía de Medio Ambiente viña de prever a declaración ante a xustiza do director xeral de minas, Ángel Bernardo Tahoces, quen debía responder polas súas instrucións e actuacións respecto da polémica reapertura da mina de San Finx, en Lousame, denunciada por Verdegaiia e colectivos ecoloxistas e onde presuntamente se terían desenvolvido varias actuacións irregulares.

Esta cuestión sumábase á praxe da consellaría, liderada por Francisco Conde, en materia de falta de información reiteradamente denunciado por diversos colectivos ante a Valedoría do Pobo, o Parlamento Galego e mesmo as institucións europeas. E vén de sumarse tamén a unha política industrial errática que non ten o acompañamento da necesaria fiscalización das operacións industriais e as súas obrigas en materia de restauración ambiental e que, pola contra, ten numerosas mostras de deixadez intencionada como amosan os casos de Touro ou Alberta I.

Esta situación parece a mostra dunha presión política máis por parte da dirección de Ruibal e da política da Xunta de Galiza para coartar ás e os profesionais críticos coas súas decisións, polo que é preciso que se dean explicacións ao respecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Responde este cese a unha estratexia da Consellaría de Economía e da Xunta de Galiza para autoexculparse das irregularidades constantes na tramitación de importantes proxectos mineiros e industriais en Galiza?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2020 10:00:01

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2020 10:00:11

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/11/2020 10:00:21

María del Carmen Aira Díaz na data 23/11/2020 10:00:30

Xosé Luis Bará Torres na data 23/11/2020 10:00:39

Iria Carreira Pazos na data 23/11/2020 10:00:50

Daniel Castro García na data 23/11/2020 10:01:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/11/2020 10:01:12

Alexandra Fernández Gómez na data 23/11/2020 10:01:37

María González Albert na data 23/11/2020 10:01:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2020 10:01:58

Rosana Pérez Fernández na data 23/11/2020 10:02:08

Daniel Pérez López na data 23/11/2020 10:02:20

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2020 10:02:32

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2020 10:02:42

Mercedes Queixas Zas na data 23/11/2020 10:02:54

Paulo Ríos Santomé na data 23/11/2020 10:03:07

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/11/2020 10:03:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/11/2020 10:03:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, presentan a seguinte **corrección de erros** ao documento con número de rexistro **5728**:

No encabezamento onde dí:

“Pregunta para resposta oral na Comisión 6^a”

Debe dicir:

“Pregunta para resposta oral en Pleno”.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres
Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonzo
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2020 15:22:25

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2020 15:22:54

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/11/2020 15:23:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 23/11/2020 15:23:15

Xosé Luis Bará Torres na data 23/11/2020 15:23:25

Iria Carreira Pazos na data 23/11/2020 15:23:35

Daniel Castro García na data 23/11/2020 15:23:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/11/2020 15:23:55

María González Albert na data 23/11/2020 15:24:05

Alexandra Fernández Gómez na data 23/11/2020 15:24:15

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2020 15:24:24

Rosana Pérez Fernández na data 23/11/2020 15:24:31

Daniel Pérez López na data 23/11/2020 15:24:42

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2020 15:24:56

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2020 15:25:04

Mercedes Queixas Zas na data 23/11/2020 15:25:14

Paulo Ríos Santomé na data 23/11/2020 15:25:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/11/2020 15:25:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/11/2020 15:25:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a desaparición dun lote de berberecho nunha batea do Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Vilanova de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais da pasada semana ocorreu de novo, botouse en falla un lote de individuos de berberecho dunha batea instalada na ría da Arousa e pertencente ao Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Vilanova.

Ese lote formaba parte dunha liña de investigación no marco do proxecto Croquedous, dirixida a obter información sobre o prexudicial parásito marteilia cochillia que afecta ao berberecho.

Unha desaparición, un roubo, que pon fin a máis de dous anos de traballo investigador e que implica un valor comercial mínimo mais un valor científico enorme, ao que hai que engadir un custo importante para o erario público.

No ano 2016 xa se producira un acto similar, unha subtracción dunha batea duns quilos de berberecho nos que xa se investigaba a marteilia e que xa levaba anos desenvolvéndose.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero esa tampouco era a primeira vez que un ensaio sobre especies mariñas acababa da mesma maneira. Anteriormente xa se producira o roubo de vieiras que estaban sometidas ao control experimental do CIMA e, aínda antes, o roubo de rodaballos nunha piscifactoría que, afortunadamente, foron localizados porque aínda mantiñan o chip localizador.

É dicir, este tipo de actuacións non son infrecuentes e, mentres, a reacción da Consellaría do Mar sempre é a mesma: lamentar o ocorrido, denunciar na Garda Civil e solicitar a colaboración cidadá para a clarificación dos feitos.

O certo é que estas perdas teñen unhas graves consecuencias para o sector marisqueiro e crean unha gran frustración entre os investigadores que as levan a cabo e, nestes casos, a administración competente debера dedicar os seus esforzos a evitalas.

Non é de recibo que, a pesar de ocorrer reiteradamente, a Consellaría do Mar só se limite a lamentalo e non anuncie nin poña en marcha ningún tipo de medida para tratar de protexer o traballo no que se inverte tanto tempo e tantos cartos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medios puxo a disposición e que medidas tomou a Xunta de Galiza dende 2016 ata a actualidade para tratar de evitar a desaparición de calquera material ou especie que se empregue para as investigación mariñas?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Montserrat Prado Cores

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 13/11/2020 09:37:26

María Montserrat Prado Cores na data 13/11/2020 09:37:38

María do Carme González Iglesias na data 13/11/2020 09:37:52

Daniel Castro García na data 13/11/2020 09:38:02



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés pertence á Reserva da Biosfera Transfronteiriza GERÉS-XURÉS declarada no ano 2009 CUNHA superficie total 330.874 hectáreas. Sitúase ao sudoeste da provincia de Ourense, entre España - Portugal. En Portugal sitúanse 267.958 hectáreas e en Galicia 62.916 hectáreas.

En Galicia comprende os concellos de Entrimo, Calvos de Randín, Bande, Lobeira, Lobios e Muíños.

E conta con distincións tan relevantes como son os seguintes: Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) “Baixa Limia - Serra do Xurés”, de 31.287 hectáreas; zona Especial de Conservación (ZEC) “Baixa Limia”, de 33.920 hectáreas; Parque Natural “Baixa Limia - Serra do Xurés” de 29.345 hectáreas; Zonas de Especial Protección de los Valores Naturales (ZEPVN) “Baixa Limia-Serra do Xurés” de 31.287 hectáreas e “Baixa Limia” de 33.920 hectáreas; Parque Nacional da Peneda Gerês (Portugal); SIC Serras da Peneda e Gerês; Reserva Bioxenética Matas de Palheiros Albergaria; Rede de Reservas Bioxenéticas do Consello de Europa.

Este espazo natural conta cunha rede hidrográfica densa, ecosistemas en bo estado de especies de fauna e flora de excepcional interese para a conservación da natureza e a biodiversidade. E cun importante patrimonio natural e cultural.

No ano 2018 o proxecto "Gerês-Xurés Dinámico", incluído no programa Interreg V-A España-Portugal 2014-2020, aportou fondos para que o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés contara con seis espazos físicos onde atender e informar aos turistas e visitantes que se desprazan ata os centros de interpretación situados en Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños.



A Rede de Portas do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés estaba constituída por 6 centros de interpretación, seis espazos físicos temáticos coa finalidade de atender e dar a benvida aos visitantes e turistas do parque e ofrecer información e novas perspectivas sobre temas e diferentes aspectos do parque: natureza, xeoloxía, historia, etnografía, flora, etc. As instalacións de cada unha das Portas, estaba dedicada a diferentes calidades ou particularidades do Xurés (dende o Couto Mixto ata o legado romano), atendendo as persoas visitantes e turistas de mércores a domingo de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

Para a atención do servizo adxudicouse o servizo de xestión das seis “Portas” a unha empresa, co compromiso da Xunta de Galicia de que unha vez rematado o período subvencionado o Goberno galego daría unha solución para manter abertas as citadas Portas do Parque.

No seu inicio o equipo da empresa concesionaria do servizo fixo un traballo de campo e investigación, establecendo contactos coa poboación, coas persoas responsables e co tecido asociativo local co obxectivo de recompilar información e poñela en coñecemento das persoas que atenderán as portas, celebrando incluso unha xornada de portas abertas para que os veciños e veciñas coñeceran as instalacións e que establecerán contactos coas persoas responsables das "portas" do Parque Nacional Peneda-Gerês.

Fóronse incorporando distintas actividades coma excursións escolares, outra forma de dar a coñecer o Parque Natural, ó tempo que se fomentaba a educación no respecto ao medio ambiente e tamén se levou a cabo un plan de marketing co obxecto de incrementar o nivel de promoción do Centro de recepción de visitantes das portas do Xurés, co fin de aumentar o fluxo de visitas aos mesmos, para difundir os recursos patrimoniais da Reserva da Biosfera, unificar unha liña de comunicación coherente cos valores da reserva, e demais. Utilizáronse distintos medios para a promoción do mesmo, como redes sociais e ampliación da presentación do parque nos medios de comunicación.

Na memoria de actividades final correspondente o ano 2019 figuran un número de visitas entre os meses de xuño a setembro de 2645.

Abandonadas á súa sorte o recentemente pasado verán de 2020, no que malamente puideron cumprir o seu cometido nas fracas e descoordinadas

posibilidades de cada concello, vendo con resinada frustración como do lado portugués da reserva funcionan os espazos homólogos longamente consolidados.

Entendendo as portas do parque como estruturas fundamentais de establecemento do primeiro contacto cos visitantes e o seu camiño, control dos fluxos turísticos sustentables, que potencian o turismo rural na zona e promoción conxunta do Parque Transfronteirizo xunto con Portugal, e para facer valer o compromiso do Goberno galego respecto aos concellos de Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños, de manter abertos e en funcionamento as Portas do Parque do Xurés.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego de que “As Portas” do Parque Natural Baixa Limia Serra -do Xurés en Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños, estean pechadas?

Pazo do Parlamento, 13 de novembro do 2020

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/11/2020 10:28:56

Pablo Arangüena Fernández na data 13/11/2020 10:29:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/11/2020 10:29:21

Patricia Otero Rodríguez na data 13/11/2020 10:29:31



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A continua cambiante situación epidemiolóxica de Galicia obriga a unha vixilancia diaria por parte do Goberno galego das medidas de prevención específicas adoptadas como consecuencia da evolución da pandemia, de maneira que cada poucos días se van revisando para adaptalas á nova realidade. Esa adaptación das medidas en función da situación sanitaria de cada concello é loxicamente razoable. O que xa non parece ter demasiado fundamento é a modificación arbitraria da limitación de determinados aforos.

O Goberno galego publicaba unha Orde o 4 de novembro na que establecía que nos concellos con máis restricións a capacidade máxima dos lugares de culto era de 25 persoas, mentres que no resto do territorio o límite estaba nas 50. Mais o 10 de novembro publica un novo decreto no que fixa nun terzo o máximo dese aforo nos concellos en peores condicións e nun 50 % nos restantes.

A Xunta de Galicia basea esta modificación nunha investigación epidemiolóxica realizada neses lugares que demostra que son “seguros en relación coa transmisión do SARS-CoV-2” xa que non se detectou ningún gromo “que puidese identificarse como orixe nun lugar de culto”. Outras das razóns aducidas é que pese a ser espazos interiores a permanencia neles é dun tempo limitado, “as persoas non interactúan entre elas, manteñen a distancia de seguridade en todo momento e empregan a máscara de forma sistemática, salvo en momentos puntuais”.

Sorprende que esa motivación, que non poñemos en cuestión, non se aplique tamén noutros lugares nos que se dá exactamente esa mesma casuística, como son os espazos culturais como cines, teatros ou auditorios nos que sendo, así mesmo, lugares pechados, os aforos se limitan nas zonas con maiores restricións a 30 persoas (ou a 50 de solicitarse autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública acompañada dun plan de prevención de contaxios).



Nesa mesma liña, tamén o día 10 se publicaba unha orde que modificaba as medidas no transporte colectivo, establecendo que no transporte en autobús e o marítimo en augas interiores se poderá ocupar a totalidade dos asentos engadíndose un máximo dunha sexta parte das prazas de pé.

Todo o anterior supón que nos lugares de culto en concellos con alerta máxima poderían agruparse á vez 70 persoas (ou máis, dependendo da dimensión do local), que os autobuses ou barcos poden ter completas todas as súas localidades, pero que un auditorio con capacidade para 1.000 persoas só pode albergar a 30 nun espectáculo.

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidades, Román Rodríguez, así como o director xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, manifestaron en diversas ocasións en sede parlamentaria o seu convencemento de que a cultura é segura e que en ningún caso, grazas ao cumprimento estrito das medidas adoptadas por parte do sector, son lugares de contaxio. Tanto é así que a consellaría anunciou que en breve lanzará unha campaña alentando ao consumo cultural precisamente baseándose nesta seguridade.

Diante do exposto, que non parece manter demasiada coherencia co relato da Consellaría de Cultura de que ‘A cultura é segura’, as deputadas e os deputados que asinan manifestan a súa preocupación por esta arbitrariedade na limitación de aforos e preguntan:

Pensa o Goberno galego, ao igual que fixo cos lugares de culto ou o transporte, revisar as limitacións de aforos en espazos culturais?

Pazo do Parlamento, 12 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 12/11/2020 17:45:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/11/2020 17:46:06

Julio Torrado Quintela na data 12/11/2020 17:46:19





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2020 11:57:20
Nº Rexistro: 5309
Data envío: 13/11/2020 11:57:20.728

Marina Ortega Otero na data 12/11/2020 17:46:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a inexistencia de medidas de prevención no transporte público na cidade de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante Orde da Consellaría de Sanidade de 9 de novembro de 2020 (DOG núm.227) establecéronse determinadas medidas de prevención para evitar o contaxio e propagación do Covid 19 en Galiza.

Así na devandita Orde establecíase que no transporte en autobús, tanto de carácter urbano coma interurbano, poderían ocuparse a totalidade dos asentos, debendo manter a separación máxima entre persoas cando o nivel de ocupación o permita.

A situación dos asentos na práctica totalidade dos vehículos destinados ao transporte de viaxeiros non permite as usuarias, en todos os casos, manter unha distancia interpersonal de cando menos un metro e medio. Tampouco a referida Orde reduce, antes ao contrario, a posibilidade de transmisión aérea do coronavirus, non sendo escasos os expertos que alerta da propagación do virus pro esta vía.

Toda vez que a medida foi aprobada para toda Galiza, prodúcese o paradoxo de que en cidades coma Ourense, nas que o elevado número de contaxios, o nivel de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ocupación das UCIs ou de camas hospitalarias levaron a adopción de estritas medidas de prevención fronte a novos contaxios; poda rexer unha exclusión de medidas no transporte colectivo. Extremo igualmente respecto ao transporte ferroviario no que igualmente estanse a obviar as medidas preventivas exixidas noutros ámbitos, converténdose nun eventual foco de transmisión do virus.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego que a situación epidemiolóxica da cidade de Ourense aconsella a relaxación das medidas de prevención no transporte colectivo de viaxeiros ou que sería máis razoable incrementar as frecuencias dos vehículos ou, nos casos que, as características dos mesmo o permitan, a súa capacidade?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2020

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/11/2020 13:57:55

Noa Presas Bergantiños na data 13/11/2020 13:58:05

Xosé Luis Bará Torres na data 13/11/2020 13:58:14

Alexandra Fernández Gómez na data 13/11/2020 13:58:21

Paulo Ríos Santomé na data 13/11/2020 13:58:34



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Álvarez Martínez e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O acontecido coa Casa Cornide, emprazada na zona histórica da Coruña, é unha mostra máis da impunidade coa que a familia Franco se enriqueceu de maneira corrupta durante os anos da ditadura, incrementando o seu patrimonio con bens públicos e do pobo conseguidos mediante a extorsión e a forza.

Construída a mediados do século XVIII por encargo da familia Cornide, o edificio pasaría a titularidade pública, tanto do Ministerio de Educación como do propio Concello da Coruña, que mesmo se instalou alí por unha época. Mais no ano 1962 o consistorio procedeu á poxa do edificio, que gañou o banqueiro coruñés Pedro Barrié de la Maza, quen lla regalou de inmediato á familia Franco.

Esta operación, documentada polos historiadores Carlos Babío e Manuel Pérez Lorenzo, obedecía ao ‘capricho’ da muller do ditador, Carmen Polo, por teren unha casa no centro da Coruña para poder pasear pola cidade nos veráns nos que tamén gozaban do Pazo de Meirás, outro exemplo do vil espolio dos Franco.

Diante disto, o Concello da Coruña acaba de iniciar o procedemento administrativo para que o edificio sexa declarado Ben de Interese Cultural (BIC) logo de recibir o estudo histórico-artístico encargado hai meses ao catedrático de Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela, Alfredo Vigo Trasancos, que confirma que a Casa Cornide “suma un conxunto de valores cos que dificilmente se lle pode negar ese recoñecemento”.

Nese informe, o experto constata que se trata dunha casa senlleira, excepcional polas formas curvas das fiestras, cornixas e de todos os elementos pétreos das repisas de pedra, así como da propia balaustrada de ferro. Pero é que ademais salienta o patrimonio inmaterial que gardou a familia. Dende Diego Cornide, impulsor da construción, ata o seu fillo, o ilustre xeógrafo naturalista e humanista José Cornide.

Entre o patrimonio moble, Vigo Trasancos destaca unha pedra perdida que rescatou José Cornide cunha inscrición en latín que conmemoraba a restauración



da Torre de Hércules na época do Duque de Uceda, a placa que o Concello da Coruña colocou na fachada da casa anterior en 1892 e máis as dúas estatuas do Pórtico da Gloria -outro ben que se suma á infinita listaxe de bens espoliados polos Franco- que a familia do ditador almacenou no edificio entre 1978 e 1988 logo do incendio no Pazo de Meirás.

Destaca tamén que na Casa Cornide se atopan as pedras do edificio anterior, da antiga portada do Hospital de Caridade e do Hostal dos Reis Católicos. Son, por tanto, asegura Vigo Trasancos, "testemuños pétreos de tres monumentos importantes que converten a casa nun conxunto de valores cos que dificilmente se lle pode negar a declaración BIC".

Toda vez que este espolio se pode documentar historicamente e o seu indubidable valor artístico e patrimonial tamén se confirma por persoal experto, parece lóxico que a Casa Cornide volva formar parte do patrimonio público, de onde nunca debeu marchar.

O edificio atópase á venda na actualidade, razón pola que urxe estimar esta petición e que a Xunta de Galicia inicie de inmediato o procedemento. Por esta razón a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Pensa o Goberno galego iniciar de maneira urxente o procedemento para declarar a Casa Cornide como ben de interese cultural?

Pazo do Parlamento, 13 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/11/2020 12:14:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/11/2020 12:14:52

Pablo Arangüena Fernández na data 13/11/2020 12:15:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Daniel Pérez López e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aproximadamente no ano 1960, Carmen Polo visitou a igrexa románica de San Xián de Moraime (Muxía) e interesouse por días pías bautismais de grande valor histórico-artístico que estaban no patio da casa reitoral. Pediu as días pías para levalas ao pazo de Meirás e ordenoulle ao párroco don José Barrientos, que obtivera os correspondentes permisos. Ao día seguinte, desprazouse ao lugar un camión para recoller as citadas pías, sen que se tramitase ningún permiso para o traslado.

O cura párroco de Moraime, José Barrientos, púxose inmediatamente en contacto por escrito co arcebispado, comunicando o acontecido. Posteriormente foi chamado polo vicario da diocese e decidiron non reclamar naquel momento as pías, dada a posición da persoa que se apropiara delas.

O 3 de setembro de 1980, D José Barrientos comparece diante do notario de Vimianzo para deixar constancia destes feitos. Nesa mesma data comparece tamén D Celso Alcaina Canosa, natural de San Xián de Moraime, sacerdote e avogado, quen manifesta “Que coñece as circunstancias expostas por referencias de D José Barrientos e doutras persoas”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde esa data, o sr Celso Alcaina fixo xestións diante do goberno central e da Xunta de Galiza mais sen obter ningún resultado. En 2010, o alcalde de Muxía, a petición de Celso Alcaina, enviou unha carta á Xunta solicitando que se adoptasen as medidas necesarias para a recuperación das pías, mais non tivo resposta. Nese escrito, adxuntou a acta notarial de 1980.

Aínda que a igrexa de Moraime é Ben de Interese Cultural, a Xunta manifestou en 2017 que non lle corresponde reclamar as pías: “A igrexa de San Xián de Moraime é propiedade da Igrexa. Polo tanto, quen debe reclamar son os titulares do ben”. Nese mesmo ano, o Arcebispado de Santiago manifestou que “estudiará o asunto”, examinando “a documentación que poida existir procedente da parroquia”.

Dada a condición de Ben de Interese Cultural e de ben de dominio público da igrexa románica de San Xián de Moraime, a Xunta de Galiza ten a obriga de velar pola súa conservación, protección, salvagarda e seguridade. Ademais, desde 1985 existe unha comisión mixta Xunta-Igrexa católica que ten entre as súas funcións: Actuar como órgano de asesoramento da consellería competente en materia de patrimonio cultural, para a protección, conservación, fomento e difusión do patrimonio cultural de Galicia nas cuestións que afecten exclusivamente bens de titularidade da Igrexa Católica que teñan valor cultural.

Malia esta obriga compartida de conservar e protexer os bens de titularidade da Igrexa católica, ningunha das dúas institucións adoptou medidas encamiñadas a conseguir a recuperación destes obxectos de extraordinario valor cultural.

Diante desta situación de pasividade e connivencia co roubo de dúas pezas que forman parte dun Ben de Interese Cultural, e tendo en conta que se está a realizar un inventario sobre os bens depositados no BIC Pazo de Meirás, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dada a condición de Bens de Interese Cultural e bens de dominio público, considérase a Xunta de Galiza lexitimada e obrigada a xestionar a recuperación das pías bautismais de Moraime?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Daniel Pérez López

Mercedes Queixas Zas

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2020 10:07:55

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 10:07:58

Daniel Pérez López na data 16/11/2020 10:08:06





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade dunha intervención pública da factoría de Alcoa en San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o 17 de outubro do 2018 a empresa Alcoa anunciara aos cadros de persoal da Coruña e Avilés, así como publicamente, a súa intención de pechar as instalacións da empresa foron diversas as demandas das e dos traballadores e os debates políticos arredor de como arbitrar unha saída que supoña o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial, ao considerar o sector do aluminio como estratéxico.

Unha preocupación e unha mobilización que se estendeu a Alcoa-San Cibrao, que desde entón tivo enriba a espada de Damocles dun posible peche e que afrontou diversos episodios de redución da produción.

No verán de 2020 fóronse precipitando os acontecementos e malia que o 13 de agosto Alcoa adoptaba o compromiso de asumir o papel de mediación das administracións galega e estatal para unha posible compra, a realidade dos feitos posteriores amosou a pouca disposición do grupo malia a existencia de ofertas sobre a mesa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación e a través de iniciativas do Bloque Nacionalista Galego, tanto o Congreso dos deputados como o Parlamento de Galiza aprobaban levar a cabo a intervención pública temporal para a súa posterior venda a un inversor privado que garanta un proxecto industrial viable, para o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo na factoría de Alcoa en San Cibrao.

A día de hoxe, os días seguen a pasar e seguimos a ver como a administración española e a galega continúan dándolle as costas ao problema e incumprindo o acordo político ao que se chegara en ambas as dúas cámaras.

A este contexto é necesario engadirlle o feito de que o pasado catro de novembro o TSXG emitiu un auto no que lle ordenaba á empresa Alcoa absterse de levar a cabo calquera actuación dirixida a facer efectiva a parada das cubas.

Ante esta situación tan extrema cómpre levar a cabo os acordos obtidos no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para evitar un peche que tería unhas consecuencias brutais e recordarlle aos poderes públicos a necesidade de ter un papel activo na economía e apostar pola intervención pública, viable no ordenamento xurídico galego, estatal e europeo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para garantir a continuidade da factoría de Alcoa em San Cibrao?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonzo

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 16/11/2020 10:39:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/11/2020 10:39:11

María do Carme González Iglesias na data 16/11/2020 10:39:22

Daniel Pérez López na data 16/11/2020 10:39:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a dixitalización do rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende Europa estase a pular pola dixitalización dos territorios como posibilitadora de relacións, persoais, profesionais, económicas.

Por outra banda, Galiza precisa desta dixitalización máis que comer, pola dispersión xeográfica, pola orografía, polas distancias aos grandes grupos de poboación... porque para fixar poboación no rural (o interior da Galiza) e que poidan establecer negocios, ou distribuír a súa produción, máis que canles de comunicación físicas xa se precisan canles dixitais....

Todo isto agravouse coa COVID, porque a fenda tecnolóxica fai que non todas as criaturas teñan o mesmo dereito á educación, por poñer só un exemplo.

Dende Europa fálase da Digital Transformation á que está destinada unha cantidade de millóns de euros máis que interesante 9.200 millóns de € para transformar a sociedade e a economía en Europa cara á dixitalización e 3.000 millóns de € para financiar a infraestrutura da conectividade dixital.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está claro que Galiza non pode quedar fóra disto, e non se trata de encargarlle a dixitalización a telefónica para a implantación do 5G en núcleos de 300hab.... fálase dunha cobertura en 4G ou 5G coma se os múltiples núcleos da Galiza foran de 300 ou máis habitantes...

Na maioría dos núcleos rurais a conexión a internet segue a ser por satélite, en 3G e servido nun pack na que a única que pode ter servizo e prezos competitivos é a monopolista Movistar.

Oferta bastantes boas capacidades e velocidades pero aféctase por todo, se chove moito cae a conexión, se hai néboa tamén, se hai tronada tamén.... cae tamén o Whatsapp e o único que se pode facer é saír do pobo para soltar o 3G e engancharse ao 4G.

Hai que dicir que o paquete ao que a poboación non pode deixar de subscribirse custa 76 € ao mes... por se serve de algo mencionalo, porque a conectividade sen prezo non é tampouco o recomendable.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno da Xunta de Galiza aproveitar o pulo que Europa lle quere dar á dixitalización no ámbito da UE, para que na Galiza deixe de existir a fenda dixital e polo tanto as diferenzas de trato por razón da rexión xeográfica onde se viva e tamén polo lugar que se ocupe dentro dela?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 16/11/2020 12:24:18

María do Carme González Iglesias na data 16/11/2020 12:24:27

Ramón Fernández Alfonso na data 16/11/2020 12:24:36

Daniel Pérez López na data 16/11/2020 12:24:44



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

E en concreto no seu artigo 8 se establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperaran nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén no seu artigo 59 establece que a Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico sinalando que a Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para o asinamento de convenios de colaboración cos concellos para a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión de biomásas das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2.

Nese marco, a Consellería de Medio Rural ofrece ás entidade locais de Galicia colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa financiado por fondos propios da Comunidade Autónoma e para a realización de traballos de prevención de forma manual financiado con fondos Feader.

Os traballos a realizar, tanto tratamentos preventivos de xeito mecanizado como traballos de prevención das brigadas de forma manual, planifícanse a través dun único programa de actuacións preventivas a presentar pola entidade local, programa que é revisado polo Distrito forestal ao que pertenza o concello.



As entidades locais a súa vez, comprométense a dispor de brigadas compostas de 4 ou 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable ou coordinador do funcionamento das mesmas as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal que pertenza a entidade local. Sendo gastos subvencionables nas accións de vixilancia e extinción dos custes salariais, os recoñecementos médicos e probas de esforzo previas á contratación, e os cursos de formación impartidos con anterioridade ao inicio dos traballos da brigada.

Os convenios de colaboración subscritos dende o ano 2016 o 2020 foron dotados polo Goberno galego, en concreto pola Consellería de Medio Rural, coa mesma contía económica, obviando a subida do SMI que de produciu no ano 2019 a 900 euros e a subida da SMI a 950 euros do ano 2020, que repercutiu directamente no custe que asumen os concellos e supón, no caso de contar con dúas brigadas, un incremento en gastos de persoal de arredor de 7000 euros respecto do afrontado dous anos atrás.

Doutra banda, a Consellería vén arrastrando nos últimos exercicios un retraso inxustificable e extraordinariamente anómalo na transferencia das cantidades conveniadas, unha vez recibida xustificación por parte dos concellos (a día de hoxe aínda hai quen non recibiu a parte do anticipo sendo habitual o caso de concellos que non cobraron a totalidade da campaña pasada a piques ou iniciada xa a campaña actual) coa carga que elo supón para as economías xa minguadas das arcas locais.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o Goberno galego facer fronte ao pago das cantidades acordadas coa celeridade razoablemente esixible que evite prexuízos orzamentarias ás contas municipais?

Pazo do Parlamento, 16 de novembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/11/2020 12:39:28

Martín Seco García na data 16/11/2020 12:39:36

Juan Carlos Francisco Rivera na data 16/11/2020 12:39:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/11/2020 12:39:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a sentenza de readmisión do alumnado da escola de Verducido, no concello de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de setembro, co comezo do curso escolar, o alumnado de primeiro curso de primaria da escola de Verducido (Pontevedra) e as súas familias recibiron a comunicación de que a escola perdera a habilitación para primeiro curso de primaria e que debían ser escolarizadas noutro centro.

As familias e a ANPA presentaron recurso diante desta decisión da consellaría de Educación xa que non lles foi comunicada con antelación suficiente e polos procedementos normativos, polo cal se vulneraron os seus dereitos. E o xulgado do contencioso-administrativo número 1 de Pontevedra ditou sentenza na que obriga á Xunta a dotar a escola dos medios necesarios para impartir primeiro de primaria, nun prazo máximo de dez días desde que a sentenza sexa firme.

A sentenza é moi crítica e moi dura coa administración autonómica xa que indica que a actuación da consellaría de Educación é incompatíbel co exercicio do dereito fundamental á educación posto que suprimiu a unidade de primaria logo de que finalizase o prazo de matrícula, sen instruír o conseguinte procedemento administrativo





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e sen notificar ás afectadas unha resolución definitiva motivada e sen concederlles un prazo para elixir outro centro e matricularse nel.

Estamos diante dun novo ataque da Xunta de Galiza contra a escola rural, neste caso contra un centro que é un referente pedagóxico innovador, integrador e dinamizador d súa contorna, que foi obxecto de numerosos recoñecementos e premios. E este ataque prodúcese cando a situación epidemiolóxica provocada pola COVID 19 máis aconsella a escolarización de proximidade e en centros con pouco alumnado. E por se fose pouco, faise sen respectar aos procedementos legais establecidos, atentando contra os máis elementais dereitos das familias e das nenas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta pedir desculpas ás familias e á comunidade educativa e traballar conxuntamente con todas as partes para garantir a continuidade do primeiro ciclo de educación infantil na escola de Verducido (Pontevedra)?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 13:05:07

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2020 13:05:11

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2020 13:05:20

Daniel Castro García na data 16/11/2020 13:05:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García, e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, solicitan a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro **5396**.

Onde dí: “primeiro ciclo de educación infantil”

Debe dicir: “primeiro ciclo de educación primaria”.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/11/2020 11:40:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/11/2020 11:41:09

Daniel Castro García na data 20/11/2020 11:41:22

Mercedes Queixas Zas na data 20/11/2020 11:41:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez que unha xeadá tardía, un trebón con pedrazo, un ataque de mildeu desmesurado... unha pasaxe onde as perdas agrarias raian na catástrofe xorde o debate sobre axudas directas ou axudas ós seguros agrarios.

Chegados a este punto o posicionamento da Xunta de Galicia do PP é tan incomprensible que chegamos a preguntarnos se non haberá algún xeito de negocio polo medio.

Dise que o sistema de seguros agrarios no estado español nace na chamada Transición a raíz dos Pactos da Moncloa e que foi unha ensalada aliñada pola Dirección General de Seguros e Facenda que montaron todo sen contaren cos clientes, labregos/as e gandeiras/os.

Desta maneira os agricultores e as agricultoras cobren entre o 55% e o 35% da prima do seguro e o resto está subsidiado polo Estado e os gobernos autónomos.

Trátase pois dun pool que copa todo o mercado, situación esta que agacha un monopolio real ó ser Agroseguro a única opción de asegurar aspectos agrarios na actualidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal vez sexa esta condición de única opción quen leve a Agroseguro a non flexibiliza-las características das pólizas para adaptalas ás diferentes realidades agrarias e gandeiras do estado. E así os labregos e gandeiras galegos, unha vez máis, séntense discriminadas debido ós anacronismos e irregularidades que provocan que os seguros agrarios en Galicia teñan unha porcentaxe de pólizas tan exíguo.

Para que un invernadoiro asegurado poida optar ó resarcimento de perdas ocasionadas polo vento, este non pode supera-los 70km/hora porque para Agroseguro máis desta velocidade é temporal e xa non paga, co cal o agricultor se non se declara zona catastrófica queda sen cobertura. Claro que en Galicia episodios con ventos de máis de 70km/hora son frecuentes ó longo do ano.

Se asegura o cultivo de pataca so se contempla unha colleita cando é frecuente que en zonas de Galicia se dean dúas. Tamén no caso dos invernadoiros é Agroseguro quen marca as características dos mesmos pasando de seren instalacións (facilmente desmontables) a construcións con zapatas de cemento riostradas nas cabezas que precisan de proxecto, colexio de arquitectos etc. En Galicia os invernadoiros móntanos os agricultores e non unha empresa especializada e o seguro así non dá cobertura.

Pero o colmo da arbitrariedade está en que un agricultor que subscriba unha póliza sobre fincas e que sexa directivo ou membro dun Tecor queda excluído do agroseguro.

Son tales as arbitrariedades para coa realidade de Galicia froito do descoñecemento das singularidades dos nosos sectores agrícolas e gandeiros que a subscrición de pólizas é mínima a pesar dos intentos da administración por aumentar esta porcentaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Sabe o goberno galego das arbitrariedades que supoñen para os sectores agrogandeiros de Galicia as condicións que son normais noutras realidades agrarias das pólizas de Agroseguro e está xa actuando e en consecuencia presionando para que esas arbitrariedades sexan corrixidas?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 16/11/2020 13:15:43

María del Carmen Aira Díaz na data 16/11/2020 13:15:46

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/11/2020 13:15:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a atención sanitaria no PAC de Meira e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PAC de Meira presta servizo a seis concellos. Ademais da propia localidade na que se atopa, atende os concellos da Ribeira de Piquín, Pol, A Pastoriza, A Pontenova e Riotorto. En total dá cobertura a máis de 10.500 persoas dunha área xeográfica que se estende por 623 quilómetros cadrados.

O PAC de Meira precisa dun incremento de persoal pois o actual é claramente insuficiente para prestar a atención sanitaria que se require. A modo de exemplo, cando o persoal facultativo ou de enfermaría ten que desprazarse até un domicilio ou acompañar un doente no desprazamento até o HULA, o centro fica ao descuberto durante bastante tempo tendo en conta, alén do máis, as distancias dentro dunha área xeográfica tan extensa.

De facto, hai apenas un ano a veciñanza mobilizouse ás portas do centro para demandar o incremento de persoal. Unha demanda que se estende tamén á atención pediátrica que comparten diversos concellos. E é que o pediatra de Meira (que corresponde tamén á escasísima poboación infantil da Ribeira de Piquín e Riotorto) atende tres días á semana no concello da Pastoriza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En diversas ocasións nas que a pediatra estivo de baixa ou se ausentou uns días no exercicio dos seus dereitos laborais, a praza ficou sen cubrir sendo as crianzas derivadas aos médicos de familia, ao pediatra de Vilalba ou mesmo ao HULA.

Esta situación, tanto a falta de persoal no PAC como no propio centro de saúde, é unha mostra do desmantelamento que se está a producir na Atención Primaria nos últimos anos máis aínda nos concellos do rural.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre a Consellaría de Sanidade que o persoal co que conta na actualidade o PAC de Meira é suficiente para atender seis concellos?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2020 13:27:59

Iria Carreira Pazos na data 16/11/2020 13:28:04

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2020 13:28:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 13 de novembro de 2020, varios medios de comunicación informaban de que a Xunta de Galiza denegara a autorización do proxecto “Explotación da concesión derivada do permiso de Investigación Alberta I, 1ª fracción, n.º 4966.1 no T.M. de Beariz (Ourense)”.

Así e todo, os colectivos e persoas que presentaron alegacións en relación con este proxecto non recibiron ningunha resposta nin comunicación ao respecto, polo que non lles consta ningún trámite administrativo oficial sobre a denegación da autorización de explotación e sobre os motivos en que se basea esta decisión.

Aínda que segundo as citadas referencias xornalísticas o motivo da denegación sería o informe negativo da Confederación Hidrográfica Miño Sil, a realidade é que este informe ten data de 27 de novembro de 2019, polo que non parece ser a causa da citada denegación.

No expediente constan as alegacións presentadas por diversos colectivos, no que se advirte de graves irregularidades na tramitación do expediente a funcionarios da Xunta, concretamente ao Xefe da Sección de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e á Xefa do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o estado de tramitación do expediente do proxecto “Explotación da concesión derivada do permiso de Investigación Alberta I, 1ª fracción, n.º 4966.1 no T.M. de Beariz (Ourense)”?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2020 13:41:37

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 13:41:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/11/2020 13:41:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Rosana Pérez Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Nos anos 50 do século pasado a vella balsa mineira que ocupa unha superficie aproximada de 5Has. rachou liberando río abaixo unha lingua de morte que esterilizou a vida do río de San Finx, logo o Vilacoba e chegou case á vila de Noia.

Aquilo xa foi e a mina e a balsa pasaron por mil vicisitudes. Pero o curioso é que unha vez máis non aprendemos dos erros acontecidos no pasado e teimamos en crea-las condicións para que se repitan.

Porque a vella balsa está aí, cun deterioro manifesto, ruinoso, con fendas e carga mortífera, non sabemos se agardando por outro desgraciado accidente (que no caso de se producir xa non lle poderíamos chamar así).

Así comezaba o noso argumentario nas iniciativas rexistradas e debatidas a principios da pasada X Lexislatura.

Tiñamos ademais da inspección ocular do estado da balsa tres analíticas feitas ás augas da zona da mina, unha delas na mesma balsa. As mostras recolleitas daban resultados por riba dos límites máximos permitidos polas Normas de Calidade Ambiental RD 817/2015, principalmente en cadmio, cobre e zinc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Faise necesario lembrar aquí que estes metais pesados son bioacumulativos e tenden a se concentraren nos tecidos dos seres vivos ó longo da cadea trófica. Logo soamente hai que lle dar tempo ó tempo para que fagan o seu traballo de alteracións fisiolóxicas e mesmamente xenéticas.

Mais a pregunta que nunca nos foi respondida polo goberno, era sobre a propiedade da balsa mineira. Estaban investigando pois parece ser que constituía unha tarefa árdua e difícil.

Polo medio de todo isto houbo unha artimaña que ó final non deu resultado que consistiu en declarar que a balsa era para facer unha minicentral eléctrica, claro que non ten caudal mínimo para este labor pero se colaba...

Na actualidade segue a ser unha ameaza para a saúde das augas e da ría de Noia e vai ser necesario darlle traza. En realidade a balsa son dúas nunha soa. A primeira, a máis antiga, foi, no seu tempo, de decantación para non perder material de valía.

Temos por tanto que coñecer de quen é a balsa, supoñemos que case catro anos dan para moito na investigación da súa propiedade, e temos tamén que saber de quen é a responsabilidade da restauración deste espazo

Ninguén quere na man esa pataca quente. Porque a balsa está aí, orfa de pai e nai, co seu contido mortífero que ninguén quere tutelar e que aínda contén milleiros de Tm. de lodos tóxicos. O seu estado é deplorable e ameaza con rachar outra vez.

E agora volve estar de actualidade a balsa e máis o tema. No Informe da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos aparece mencionada como espazo a restaurar de urxente execución e supón un tirón de orellas á





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administración competente polo abandono dos temas de restauración mineira e en concreto polo da mina de San Finx.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que pensa facer o goberno galego a respecto do espazo mineiro de San Finx e en particular coa balsa de lodos na finalidade de neutraliza-lo perigo que supón para a riqueza das augas e da ría de Noia?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 14:00:13

Rosana Pérez Fernández na data 16/11/2020 14:00:16





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/11/2020 14:00:31



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Corina Porro Martinez, Martín Fernández Prado, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Ruben Lorenzo Gómez, Jesús Vázquez Almuíña e Daniel Vega Pérez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

A principios do mes de novembro a Xunta de Galicia propúxolle ao Concello de Vigo colaborar na posta en marcha dun ambicioso plan encamiñado a minimizar os posibles efectos negativos dunha eventual enchente do río Lagares ao seu paso pola cidade olívica.

As obras planificadas pola Xunta inclúen a mellora do espazo fluvial e da drenaxe do río no cruce coa avenida Severino Cobas, na Rega do Folón no cruce coa estrada Camposancos e na Avenida de Madrid; a optimización do espazo fluvial ao seu paso polo polígono de Caramuxo ou áreas de inundación controladas, en Sárdoma e en Lavadores.

Segundo a proposta trasladada pola Administración autonómica, Augas de Galicia asumiría a execución e o financiamento das actuacións aludidas, cuxo coste se estima en preto de 7 millóns de euros e o Concello de Vigo tería que xestionar os terreos precisos para a realización das obras.

A iniciativa, pola súa envergadura, tería un impacto de gran relevancia para a cidade de Vigo, tanto dende o punto de vista medioambiental como social, que marcaría un antes e un despois no que atinxe ao control dun eventual asolagamento do río Lagares.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta oral en pleno:

1.- Cal é o contido do protocolo de colaboración proposto pola Xunta ao Concello de Vigo para avanzar no Plan para reducir o risco de inundacións do río Lagares ao seu paso por ese municipio?

Santiago de Compostela, 16 de novembro 2020



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/11/2020 18:42:54

María Corina Porro Martínez na data 16/11/2020 18:43:02

Martín Fernández Prado na data 16/11/2020 18:43:15

Ramón Carballo Páez na data 16/11/2020 18:43:32

María Sol Díaz Mouteira na data 16/11/2020 18:43:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/11/2020 18:43:52

Jesús Vázquez Almuíña na data 16/11/2020 18:44:01

Daniel Vega Pérez na data 16/11/2020 18:44:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez, José Manuel Balseiro Orol, Jesús Vázquez Almuíña e Daniel Vega Pérez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular escoitamos con perplexidade e moita preocupación as declaracións que o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana vén facendo en distintos foros, manifestando o compromiso firme e decidido do Goberno central polo Corredor Mediterráneo mentres todo é silencio sobre o Corredor Atlántico.

O ministro José Luis Ábalos non se esforza sequera por disimular a aposta do Executivo central cara ás infraestruturas do Corredor Mediterráneo en detrimento das do Corredor Atlántico.

Pese a que no acto de posta en servizo do AVE Zamora-Pedralba, o ministro de Transportes se comprometía publicamente a impulsar coa mesma intensidade os dous corredores, vemos como, na práctica, a súa palabra quedou novamente nunha promesa incumplida do Goberno central con Galicia.

As partidas recollidas nos Orzamentos Xerais do Estado para 2021 non demostran esa suposta equidade nos investimentos entre os dous corredores.

E isto pese a que o Goberno central coñece o interese máximo da Xunta de Galicia e das comunidades do Noroeste en incrementar a súa competitividade e capacidades loxísticas a través da modernización da rede ferroviaria de mercadorías.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en pleno:

Que opinión lle merece ao Goberno galego o apoio que o Goberno de España está a facer co Corredor Mediterráneo de Mercadorías en detrimento do Corredor Atlántico?

Santiago de Compostela, 16 de novembro 2020



Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 16/11/2020 18:56:21

Ramón Carballo Páez na data 16/11/2020 18:56:51

María Sol Díaz Mouteira na data 16/11/2020 18:57:07

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/11/2020 18:57:19

José Manuel Balseiro Orol na data 16/11/2020 18:57:29

Jesús Vázquez Almuíña na data 16/11/2020 18:57:49

Daniel Vega Pérez na data 16/11/2020 18:58:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o contaxio masivo na residencia Doral Residencias de Mos e a necesidade de realizar máis cribados para protexer aos usuarios das residencias de maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Case a metade das mortes como consecuencia da COVID-19 en Galiza producíronse en centros residenciais de maiores. A vulnerabilidade dos doentes fronte a este virus, un sistema de residencias de maiores maiormente privatizado, xunto coa falta de protocolos para afrontar unha pandemia, son algunhas das causas que puideron estar detrás dos primeiros contaxios. Mais pasados oito meses dende a declaración do primeiro estado de alarma, a Xunta de Galiza tivo tempo suficiente para reforzar a seguridade, para aumentar o persoal e recursos e para establecer protocolos claros e eficaces, en definitiva, en tomar todas as medidas necesarias para evitar os contaxios nas residencias de maiores. Porén os contaxios en residencias de maiores seguen sendo continuos e os datos dramáticos: neste momento existen 381 casos de usuarios de residencias infectados e só na tarde de onte coñecíanse tres novas mortes de persoas que residían nun xeriátrico.

Esta semana dábase a coñecer tamén un novo foco de contaxio masivo na que é a maior residencia privada de toda Galiza e que conta con 250 prazas. Na “Doral



Residencias” ubicada en Mos, contabilizáronse un total de 145 contaxiados, dos cales 109 casos producíronse entre usuarios e 36 entre traballadores do centro. Isto supón un 43% dos maiores contaxiados e o 17% da plantilla contaxiada. A situación é extremadamente preocupante e deixa entrever a falta de política anticipatoria, a insuficiencia dos protocolos e en xeral a incapacidade por parte da Consellaría de Política Social para evitar o contaxio entre o colectivo máis vulnerable ao COVID-19 e por tanto o que debería contar cunha especial protección.

O contaxio masivo de máis de 145 persoas na residencia “Doral Residencias” pon de relevo dúas cuestións fundamentais. Por un lado revela as eivas dun modelo de residencias baseado na acumulación dun grande número de usuarios nun único centro. Por outro, demostra a insuficiencia dos mecanismos de detección, xa que case a metade dos usuarios foron contaxiados antes de que se detectase a propagación do virus.

A pesar das cifras dramáticas de contaxios e da preocupación das familias dos residentes, a Conselleira de Política Social asegurou que a situación está controlada e negouse a enviar persoal e a tomar o control e intervir a residencia.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 16/11/2020 10:27:17

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 10:27:21

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/11/2020 10:27:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade dunha intervención pública da factoría de Alcoa en San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o 17 de outubro do 2018 a empresa Alcoa anunciara aos cadros de persoal da Coruña e Avilés, así como publicamente, a súa intención de pechar as instalacións da empresa foron diversas as demandas das e dos traballadores e os debates políticos arredor de como arbitrar unha saída que supoña o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial, ao considerar o sector do aluminio como estratéxico.

Unha preocupación e unha mobilización que se estendeu a Alcoa-San Cibrao, que desde entón tivo enriba a espada de Damocles dun posible peche e que afrontou diversos episodios de redución da produción.

No verán de 2020 fóronse precipitando os acontecementos e malia que o 13 de agosto Alcoa adoptaba o compromiso de asumir o papel de mediación das administracións galega e estatal para unha posible compra, a realidade dos feitos posteriores amosou a pouca disposición do grupo malia a existencia de ofertas sobre a mesa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación e a través de iniciativas do Bloque Nacionalista Galego, tanto o Congreso dos deputados como o Parlamento de Galiza aprobaban levar a cabo a intervención pública temporal para a súa posterior venda a un inversor privado que garanta un proxecto industrial viable, para o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo na factoría de Alcoa en San Cibrao.

A día de hoxe, os días seguen a pasar e seguimos a ver como a administración española e a galega continúan dándolle as costas ao problema e incumprindo o acordo político ao que se chegara en ambas as dúas cámaras.

A este contexto é necesario engadirlle o feito de que o pasado catro de novembro o TSXG emitiu un auto no que lle ordenaba á empresa Alcoa absterse de levar a cabo calquera actuación dirixida a facer efectiva a parada das cubas.

Ante esta situación tan extrema cómpre levar a cabo os acordos obtidos no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para evitar un peche que tería unhas consecuencias brutais e recordarlle aos poderes públicos a necesidade de ter un papel activo na economía e apostar pola intervención pública, viable no ordenamento xurídico galego, estatal e europeo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para garantir a continuidade da factoría de Alcoa en San Cibrao?
- Vai a Xunta de Galiza demandar a intervención pública do Estado na factoría de San Cibrao para evitar a perda dos miles de postos de traballo na comarca da Mariña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Está disposta a Xunta de Galiza a participar dese proceso de intervención?
- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre apostar, chegado o caso e sendo a única alternativa, pola nacionalización desta empresa estratéxica?
- Ten elaborado a Xunta de Galiza estudos a respecto destas cuestións? Con que resultado?
- Que resultados tivo nesta crise a declaración por parte da Xunta do electrointensivo como estratéxico?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonzo

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 16/11/2020 10:33:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/11/2020 10:34:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 16/11/2020 10:34:13

Daniel Pérez López na data 16/11/2020 10:34:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de aplicar descontos nas tarifas das autovías AG55 e AG57.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2019, a Xunta de Galiza aprobou bonificacións nas autovías de peaxe AG55 e AG57 que consisten no desconto do 50% do custo para vehículos lixeiros e pesados que utilicen dispositivos de telepeaxe e entre as 00 h e 6 horas da mañá.

Anteriormente a Xunta de Galiza aprobara un desconto do 25% na viaxe de volta, cando a entrada e saída se produce no mesmo punto, que se aplica en días hábiles e para persoas usuarias que dispoñan de dispositivo de telepeaxe.

A finais do ano 2019, a Xunta de Galiza solicitou ao goberno do Estado aplicación na AP 9 de descontos do 25% da viaxe de volta, tal como se vén aplicando nas autovías de titularidade autonómica.

Como consecuencia do acordo de investidura asinado polo BNG e PSOE en xaneiro de 2020, o anteproxecto de orzamentos do Estado para o 2021 inclúen unha partida para bonificacións das peaxes na AP9, cunha dotación de 50 millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta cantidade servirá para aplicar bonificacións a persoas usuarias habituais, cando menos do 50% na viaxe de volta.

En consecuencia con esta medida, o goberno galego debería incluír cando menos unha medida similar nos orzamentos do ano 2021, de maneira que as persoas usuarias da AG 55 e AG 57 se beneficien destes descontos nas viaxes de ida e volta.

Cómpre ter en conta que as áreas de Vigo-Val Miñor e Coruña-Bergantiños sofren un agravio e unha forte discriminación a respecto doutras zonas de Galiza que contan con autovías libres de peaxe (con peaxe na sombra, pagada con cargo aos orzamentos da Xunta), como é o caso do Morrazo, O Salnés, A Barbanza e Santiago-Brión. É así que as peaxes na AG 55 e AG57 provocan efectos negativos na mobilidade para persoas e empresas que teñen que facer desprazamentos cara ás áreas de Vigo e Coruña principalmente, por motivos laborais, de estudos ou de acceso a centros de saúde e hospitais. Tamén resulta unha pesada carga e un lastre para a competitividade das empresas, que ven como as peaxes encarecen o custo do transporte das mercadorías cara aos seus destinos.

Por outra parte, a existencia de peaxes provoca outro efecto negativo no incremento do tráfico nas estradas convencionais, que atravesan zonas con unha lata densidade de poboación e con numerosas travesías urbanas. É por iso que se debería estudar o rescate das concesións das citadas autovías, para evitar o agravio comparativo entre unhas comarcas e outras.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto a Xunta de Galiza aplicar descontos do 50% nas viaxes de volta nas autovías de titularidade autonómica AG 55 e AG 57?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Prevé o goberno galego aplicar na AG 55 e na AG 57 os mesmos descontos que se apliquen na AP9 no 2021?

Considera xusta a situación de agravio que sofren as persoas e empresas destas áreas, a respecto doutras que contan con autovías autonómicas libres de peaxe?

Pensa o goberno galego que o abaratamento a curto prazo con maiores descontos, e a gratuidade a medio prazo, terían unha incidencia moi positiva na seguridade viaria e na mellora da calidade de vida da contorna das estradas convencionais do Val Miñor-Vigo e de Bergantiños-A Coruña?

Considera necesario o goberno galego facer un estudo sobre o rescate da concesión da AG55 e AG57 de modo que se acabe coa discriminación que sofren as persoas usuarias destas autovías a respecto doutras de titularidade autonómica que son gratuítas?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 11:26:45

Alexandra Fernández Gómez na data 16/11/2020 11:26:49

Paulo Ríos Santomé na data 16/11/2020 11:26:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a dixitalización do rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende Europa estase a pular pola dixitalización dos territorios como posibilitadora de relacións, persoais, profesionais, económicas.

Por outra banda, Galiza precisa desta dixitalización máis que comer, pola dispersión xeográfica, pola orografía, polas distancias aos grandes grupos de poboación... porque para fixar poboación no rural (o interior da Galiza) e que poidan establecer negocios, ou distribuír a súa produción, máis que canles de comunicación físicas xa se precisan canles dixitais....

Todo isto agravouse coa COVID, porque a fenda tecnolóxica fai que non todas as criaturas teñan o mesmo dereito á educación, por poñer só un exemplo.

Dende Europa fálase da Digital Transformation á que está destinada unha cantidade de millóns de euros máis que interesante 9.200 millóns de € para transformar a sociedade e a economía en Europa cara á dixitalización e 3.000 millóns de € para financiar a infraestrutura da conectividade dixital.

Está claro que Galiza non pode quedar fóra disto, e non se trata de encargarlle a dixitalización a telefónica para a implantación do 5G en núcleos de 300hab.... fálase





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dunha cobertura en 4G ou 5G coma se os múltiples núcleos da Galiza foran de 300 ou máis habitantes...

Na maioría dos núcleos rurais a conexión a internet segue a ser por satélite, en 3G e servido nun pack na que a única que pode ter servizo e prezos competitivos é a monopolista Movistar.

Oferta bastantes boas capacidades e velocidades pero aféctase por todo, se chove moito cae a conexión, se hai néboa tamén, se hai tronada tamén.... cae tamén o Whatsapp e o único que se pode facer é saír do pobo para soltar o 3G e engancharte ao 4G.

Hai que dicir que o paquete ao que a poboación non pode deixar de subscribirse custa 76 € ao mes... por se serve de algo mencionalo, porque a conectividade sen prezo non é tampouco o recomendable.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai o goberno da Xunta de Galiza aproveitar o pulo que Europa lle quere dar á dixitalización no ámbito da UE, para que na Galiza deixe de existir a fenda dixital e polo tanto as diferenzas de trato por razón da rexión xeográfica onde se viva e tamén polo lugar que se ocupe dentro dela?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 16/11/2020 12:23:20

María do Carme González Iglesias na data 16/11/2020 12:23:35

Ramón Fernández Alfonso na data 16/11/2020 12:23:43

Daniel Pérez López na data 16/11/2020 12:23:51



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

E en concreto no seu artigo 8 se establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperaran nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén no seu artigo 59 establece que a Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico sinalando que a Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para o asinamento de convenios de colaboración cos concellos para a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión de biomásas das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2.

Nese marco, a Consellería de Medio Rural ofrece ás entidade locais de Galicia colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa financiado por fondos propios da Comunidade Autónoma e para a realización de traballos de prevención de forma manual financiado con fondos Feader.

Os traballos a realizar, tanto tratamentos preventivos de xeito mecanizado como traballos de prevención das brigadas de forma manual, planifícanse a través dun único programa de actuacións preventivas a presentar pola entidade local, programa que é revisado polo Distrito forestal ao que pertenza o concello.



As entidades locais a súa vez, comprométense a dispor de brigadas compostas de 4 ou 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable ou coordinador do funcionamento das mesmas as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal que pertenza a entidade local. Sendo gastos subvencionables nas accións de vixilancia e extinción dos custes salariais, os recoñecementos médicos e probas de esforzo previas á contratación, e os cursos de formación impartidos con anterioridade ao inicio dos traballos da brigada.

Os convenios de colaboración subscritos dende o ano 2016 o 2020 foron dotados polo Goberno galego, en concreto pola Consellería de Medio Rural, coa mesma contía económica, obviando a subida do SMI que de produciu no ano 2019 a 900 euros e a subida da SMI a 950 euros do ano 2020, que repercutiu directamente no custe que asumen os concellos e supón, no caso de contar con dúas brigadas, un incremento en gastos de persoal de arredor de 7000 euros respecto do afrontado dous anos atrás.

Doutra banda, a Consellería vén arrastrando nos últimos exercicios un retraso inxustificado e extraordinariamente anómalo na transferencia das cantidades conveniadas, unha vez recibida xustificación por parte dos concellos (a día de hoxe aínda hai quen non recibiu a parte do anticipo sendo habitual o caso de concellos que non cobraron a totalidade da campaña pasada a piques ou iniciada xa a campaña actual) coa carga que elo supón para as economías xa minguadas das arcas locais.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que a pesares do incremento do SMI en 736 euros no ano 2018, a 900 euros no ano 2019 e de 950 euros no 2020, dende o ano 2016 non se incrementara a partida orzamentaria dedicada a financiar os convenios de participación na prevención e defensa contra incendios forestais cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia?
2. Pensa o Goberno galego aumentar a partida orzamentaria dedicada o financiamento dos convenios de participación na prevención e defensa contra incendios forestais cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de



Galicia, a tenor da subida salarial decretada o SMI dende o ano 2016 á actualidade?

3. Entende o Goberno galego exemplo de boa xestión o retraso abusivo e sen argumento na transferencia das cantidades xustificadas en tempo e forma polos concellos conveniados?

Pazo do Parlamento, 16 de novembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Consellería de Medio Rural

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/11/2020 12:40:27

Martín Seco García na data 16/11/2020 12:40:35

Juan Carlos Francisco Rivera na data 16/11/2020 12:40:45

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2020 12:50:07
Nº Rexistro: 5390
Data envío: 16/11/2020 12:50:07.493

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/11/2020 12:40:54

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGA3dLDdRM12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a sentenza de readmisión do alumnado da escola de Verducido, no concello de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de setembro, co comezo do curso escolar, o alumnado de primeiro curso de primaria da escola de Verducido (Pontevedra) e as súas familias recibiron a comunicación de que a escola perdera a habilitación para primeiro curso de primaria e que debían ser escolarizadas noutro centro.

As familias e a ANPA presentaron recurso diante desta decisión da consellaría de Educación xa que non lles foi comunicada con antelación suficiente e polos procedementos normativos, polo cal se vulneraron os seus dereitos. E o xulgado do contencioso-administrativo número 1 de Pontevedra ditou sentenza na que obriga á Xunta a dotar a escola dos medios necesarios para impartir primeiro de primaria, nun prazo máximo de dez días desde que a sentenza sexa firme.

A sentenza é moi crítica e moi dura coa administración autonómica xa que indica que a actuación da consellaría de Educación é incompatíbel co exercicio do dereito fundamental á educación posto que suprimiu a unidade de primaria logo de que finalizase o prazo de matrícula, sen instruír o conseguinte procedemento administrativo





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e sen notificar ás afectadas unha resolución definitiva motivada e sen concederlles un prazo para elixir outro centro e matricularse nel.

Estamos diante dun novo ataque da Xunta de Galiza contra a escola rural, neste caso contra un centro que é un referente pedagóxico innovador, integrador e dinamizador d súa contorna, que foi obxecto de numerosos recoñecementos e premios. E este ataque prodúcese cando a situación epidemiolóxica provocada pola COVID 19 máis aconsella a escolarización de proximidade e en centros con pouco alumnado. E por se fose pouco, faise sen respectar aos procedementos legais establecidos, atentando contra os máis elementais dereitos das familias e das nenas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto o Goberno galego pedir desculpas á comunidade educativa do CEIP de Verducido?

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para restablecer a legalidade e en que prazo?

Vai recoñecer a apoiar o Goberno galego o proxecto educativo innovador e integrador da escola rural de Verducido?

Quen é responsábel desta actuación insensíbel e irregular da administración e que medidas se van adoptar para depurar responsabilidades?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Manuel Lourenzo Sobral
Mercedes Queixas Zas
Daniel Castro García
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 12:59:01

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/11/2020 12:59:13

Mercedes Queixas Zas na data 16/11/2020 12:59:22

Daniel Castro García na data 16/11/2020 12:59:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez que unha xeadá tardía, un trebón con pedrazo, un ataque de mildeu desmesurado... unha pasaxe onde as perdas agrarias raian na catástrofe xorde o debate sobre axudas directas ou axudas ós seguros agrarios.

Chegados a este punto o posicionamento da Xunta de Galicia do PP é tan incomprensible que chegamos a preguntarnos se non haberá algún xeito de negocio polo medio.

Dise que o sistema de seguros agrarios no estado español nace na chamada Transición a raíz dos Pactos da Moncloa e que foi unha ensalada aliñada pola Dirección General de Seguros e Facenda que montaron todo sen contaren cos clientes, labregos/as e gandeiras/os.

Desta maneira os agricultores e as agricultoras cobren entre o 55% e o 35% da prima do seguro e o resto está subsidiado polo Estado e os gobernos autónomos.

Trátase pois dun pool que copa todo o mercado, situación esta que agacha un monopolio real ó ser Agroseguro a única opción de asegurar aspectos agrarios na actualidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal vez sexa esta condición de única opción quen leve a Agroseguro a non flexibiliza-las características das pólizas para adaptalas ás diferentes realidades agrarias e gandeiras do estado. E así os labregos e gandeiras galegos, unha vez máis, séntense discriminadas debido ós anacronismos e irregularidades que provocan que os seguros agrarios en Galicia teñan unha porcentaxe de pólizas tan exíguo.

Para que un invernadoiro asegurado poida optar ó resarcimento de perdas ocasionadas polo vento, este non pode supera-los 70km/hora porque para Agroseguro máis desta velocidade é temporal e xa non paga, co cal o agricultor se non se declara zona catastrófica queda sen cobertura. Claro que en Galicia episodios con ventos de máis de 70km/hora son frecuentes ó longo do ano.

Se asegura o cultivo de pataca so se contempla unha colleita cando é frecuente que en zonas de Galicia se dean dúas. Tamén no caso dos invernadoiros é Agroseguro quen marca as características dos mesmos pasando de seren instalacións (facilmente desmontables) a construcións con zapatas de cemento riostradas nas cabezas que precisan de proxecto, colexio de arquitectos etc. En Galicia os invernadoiros móntanos os agricultores e non unha empresa especializada e o seguro así non dá cobertura.

Pero o colmo da arbitrariedade está en que un agricultor que subscriba unha póliza sobre fincas e que sexa directivo ou membro dun Tecor queda excluído do agroseguro.

Son tales as arbitrariedades para coa realidade de Galicia froito do descoñecemento das singularidades dos nosos sectores agrícolas e gandeiros que a subscrición de pólizas é mínima a pesar dos intentos da administración por aumentar esta porcentaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

--Sabe o goberno galego das arbitrariedades que supoñen para os sectores agrogandeiros de Galicia as condicións que son normais noutras realidades agrarias das pólizas de Agroseguro ?

--Vistas estas ten o goberno galego disposición de presionar sobre os agroseguros para que adapten as súas pólizas á realidade galega?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 16/11/2020 13:18:34

María González Albert na data 16/11/2020 13:18:38

María del Carmen Aira Díaz na data 16/11/2020 13:18:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a atención sanitaria no PAC de Meira e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PAC de Meira presta servizo a seis concellos. Ademais da propia localidade na que se atopa, atende os concellos da Ribeira de Piquín, Pol, A Pastoriza, A Pontenova e Riotorto. En total dá cobertura a máis de 10.500 persoas dunha área xeográfica que se estende por 623 quilómetros cadrados.

O PAC de Meira precisa dun incremento de persoal pois o actual é claramente insuficiente para prestar a atención sanitaria que se require. A modo de exemplo, cando o persoal facultativo ou de enfermaría ten que desprazarse até un domicilio ou acompañar un doente no desprazamento até o HULA, o centro fica ao descuberto durante bastante tempo tendo en conta, alén do máis, as distancias dentro dunha área xeográfica tan extensa.

De facto, hai apenas un ano a veciñanza mobilizouse ás portas do centro para demandar o incremento de persoal. Unha demanda que se estende tamén á atención pediátrica que comparten diversos concellos. E é que o pediatra de Meira (que corresponde tamén á escasísima poboación infantil da Ribeira de Piquín e Riotorto) atende tres días á semana no concello da Pastoriza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En diversas ocasións nas que a pediatra estivo de baixa ou se ausentou uns días no exercicio dos seus dereitos laborais, a praza ficou sen cubrir sendo as crianzas derivadas aos médicos de familia, ao pediatra de Vilalba ou mesmo ao HULA.

Esta situación, tanto a falta de persoal no PAC como no propio centro de saúde, é unha mostra do desmantelamento que se está a producir na Atención Primaria nos últimos anos máis aínda nos concellos do rural.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cre a Consellaría de Sanidade que o persoal co que conta na actualidade o PAC de Meira é suficiente para atender seis concellos?
- Vai incrementar o persoal, como demanda a veciñanza, e dotar o PAC de máis persoal?
- Vai a Xunta de Galiza garantir unha atención pediátrica de calidade no centro de saúde de Meira?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2020 13:23:06

Iria Carreira Pazos na data 16/11/2020 13:23:16

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2020 13:23:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 13 de novembro de 2020, varios medios de comunicación informaban de que a Xunta de Galiza denegara a autorización do proxecto “Explotación da concesión derivada do permiso de Investigación Alberta I, 1ª fracción, n.º 4966.1 no T.M. de Beariz (Ourense)”.

Así e todo, os colectivos e persoas que presentaron alegacións en relación con este proxecto non recibiron ningunha resposta nin comunicación ao respecto, polo que non lles consta ningún trámite administrativo oficial sobre a denegación da autorización de explotación e sobre os motivos en que se basea esta decisión.

Aínda que segundo as citadas referencias xornalísticas o motivo da denegación sería o informe negativo da Confederación Hidrográfica Miño Sil, a realidade é que este informe ten data de 27 de novembro de 2019, polo que non parece ser a causa da citada denegación.

No expediente constan as alegacións presentadas por diversos colectivos, no que se advirte de graves irregularidades na tramitación do expediente a funcionarios da Xunta, concretamente ao Xefe da Sección de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e á Xefa do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é o estado de tramitación do expediente do proxecto “Explotación da concesión derivada do permiso de Investigación Alberta I, 1ª fracción, n.º 4966.1 no T.M. de Beariz (Ourense)”?

Denegou a Xunta de Galiza a solicitude presentada pola empresa Recursos Minerales de Galicia?

De ser así, cales foron as razóns desta denegación?

Que departamento ou servizo tramitou esta denegación?

Ten previsto a Xunta de Galiza comunicar esta resolución ás entidades alegantes e que solicitaron ser parte interesada no procedemento?

Cantas solicitudes de investigación ou explotacións mineiras de litio, estaño, wolframio, tántalo e niobio se están tramitando en Galiza e onde están situadas?

Ten coñecemento o goberno galego da intención da empresa RMG de presentar alegacións ou tramitar unha nova solicitude de concesión de explotación na zona de Beariz, Avión, Forcarei, Cerdedo e A Lama?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2020 13:39:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/11/2020 13:39:49

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 13:43:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torre e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a concesión mineira “Carmen” situada en Santa Comba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na comarca de Santa Comba existe unha concesión mineira denominada “Carmen”. Trátase dunha concesión derivada que ostenta a empresa Galicia Tin&Tungsten até o ano 2068 e que inclúe a antiga explotación mineira de Barilongo.

Por outra parte, diversas informacións xornalísticas fan referencia ao proxecto da empresa “Eurobattery Minerals” e a prospeccións de Ni en Castriz, Monte Maior e Monte Castelo, no concello de Santa Comba. Se ben trascendeu que non hai en tramitación ningún dereito mineiro a nome deste solicitante, existen dous dereitos mineiros en tramitación (permisos de investigación) para Ni en áreas próximas e supostamente con unha paraxénese mineral similar ao xacemento de Barilongo, no que tamén apareceu níquel.

Diante da alarma cidadá e a falta de información sobre estes proxectos mineiros, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que dereitos mineiros están en tramitación para Sn, W, Ni, Co, Cu, Au, Ag, Pt, Nb, Ta e Li na provincia da Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que dereitos mineiros están vixentes para Sn, W, Ni, Co, Cu, Au, Ag, Pt, Nb, Ta e litio nos concellos da provincia da Coruña?

-Cal é o estado de tramitación do permiso de investigación solicitado por Geoniquel SL

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza da realización de sondaxes ilegais, sen permiso de investigación previo, e en caso de resposta afirmativa por parte de quen? Que actuacións realizou a administración galega ao respecto?

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza de sondaxes de Litio, Cobre e Cobalto realizadas nas zonas de Castriz, Monte Maior e Monte Castelo, no concello de Santa Comba? Que actuacións realizou a administración galega ao respecto?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2020 13:46:35





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 16/11/2020 13:46:44



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

A Xunta de Galicia activou en abril de 2020 unha liña de apoio para que os traballadores e traballadoras galegas acollidos a ERTE autorizados e que non cobraran as prestacións por desemprego puideran percibir un anticipo de 1.500 euros, cun tope mensual de 750 euros.

Tratábase dun convenio acordado con diversas entidades financeiras.

Poderían ser beneficiarios traballadores e traballadoras que presten servicios en Galicia, que estean incluídos en ERTE aprobados a consecuencia da crise sanitaria provocada pola covid-19 e que non percibiran as prestacións.

Os adiantos estarían libres de xuros e de comisións.

As contías dos anticipos estableceríanse en función das mensualidades que cada empregado/a tivese pendente de cobro e podería chegar ata 750 euros ao mes, no caso de persoas con contratos a xornada completa e afectación do ERTE ao cen por cento da xornada.

Si o contrato fose a tempo parcial ou o ERTE afectase a unha parte da xornada, o adianto reduciríase proporcionalmente.

Esta directriz publicouse na Orde do 24 de abril de 2020 pola que se regula o procedemento e aproba e dá publicidade ao modelo de comunicación dos anticipos regulados no Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e diversas entidades financeiras para a formalización de anticipos de prestacións por desemprego con orixe en expedientes de regulación temporal de emprego consecuencia da crise económica provocada pola covid-19 (código de procedemento TR820X).



Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a relación e o número de anticipos solicitados en relación coa Orde do 24 de abril de 2020 para adianto do cobro dos ERTE?
2. Cal é a relación e o número de avais abonados en relación coa Orde de 24 de abril do 2020 para adianto do cobro dos ERTE? Desglosado por entidades bancarias en que se fixo efectivo.
3. Cal é a relación e o número de anticipos dos satisfeitos que se reclamaron aos seus peticionarios por no resultar perceptores da prestación?
4. Cantos anticipos para adianto do cobro dos ERTE, dos regulados na Orde do 24 de abril de 2020 foron aprobados, número e contía de eles así como a súa distribución territorial?
5. Cantos anticipos para adianto do cobro dos ERTE, dos regulados na Orde do 24 de abril de 2020 foron abonados? Desglosados por entidades bancarias.
6. Cantos anticipos para adianto do cobro dos ERTE, dos regulados na Orde do 24 de abril de 2020 foron reclamados aos seus perceptores con indicación dos motivos desas reclamacións?

Pazo do Parlamento, 16 de novembro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/11/2020 16:39:43

Marina Ortega Otero na data 16/11/2020 16:39:54

Julio Torrado Quintela na data 16/11/2020 16:40:03

Juan Carlos Francisco Rivera na data 16/11/2020 16:40:10

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/11/2020 16:40:19



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En data 6 de xullo do 2020 a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 26 de xuño de 2020 pola que se estableceron as bases reguladoras do programa “cheque autónomo seguimos adiante”, financiado con cargo o programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e procedeuse a súa convocatoria para o ano 2020 dependente nese momento da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A orde ía dirixida a persoas traballadoras autónomas ou mutualistas de colexio profesional con domicilio fiscal en Galicia que estiveran en activo, que non percibiran prestación extraordinaria por cese de actividade motivada pola pandemia da covid-19, que tiveran unha merma na facturación superior ao 50 % comparando a facturación do segundo trimestre de 2020 coa do primeiro trimestre de 2020 e que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos das actividades económicas declaradas na declaración do IRPF anual inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVA incluído, na declaración referida o ano 2019.

Tamén para as sociedades de calquera clase e comunidades de bens con domicilio fiscal en Galicia que estean en activo e que cumpriran os requisitos de que as persoas traballadoras autónomas societarias que non percibiran a prestación extraordinaria por cese temporal de actividade motivada pola pandemia da covid. Que tiveran unha merma superior ao 50 % na facturación, comparando a facturación do segundo trimestre de 2020 ca do primeiro trimestre do 2020, e que a empresa teña unha base impositiva no imposto de sociedades da declaración referida o ano inferior a 30.000 euros , e que a sociedade tivera unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVA incluído, na declaración referida o ano 2019.



En relación co anteriormente exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal foi o número de solicitudes presentadas por traballadoras e traballadores autónomos ao amparo da Orde de 26 xuño de 2020, pola que se estableceron as bases reguladoras do programa “cheque autónomo seguimos adiante”? Cantas delas foron concedidas con indicación do importe aboado?
2. Cal foi número de solicitudes presentadas por Sociedades e comunidades de bens ao amparo da Orde de 26 de xuño de 2020 pola que se estableceron as bases reguladoras do programa “cheque autónomo seguimos adiante” e cantas foron concedidas con indicación do importe aboado?
3. Cando se van a facer efectivas estas axudas, concedidas a autónomos ou sociedades, ao amparo da Orde de 26 de xuño de 2020 no programa “cheque autónomo seguimos adiante”, dado que a día de hoxe inda non foron abonadas?

Pazo do Parlamento, 16 de novembro do 2020

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/11/2020 16:50:32

Juan Carlos Francisco Rivera na data 16/11/2020 16:50:41

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/11/2020 16:50:50

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Julio Torrado Quintela na data 16/11/2020 16:51:01

Marina Ortega Otero na data 16/11/2020 16:51:09

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/11/2020 16:51:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Exposición de motivos

O día 15 de novembro, coñeciamos que un doente de COVID19 da área sanitaria de Ferrol, era trasladado a Lugo para a súa atención debido á presión hospitalaria que se está a sufrir no CHUF. Unha medida recollida no plan de continxencia, mais que nunca chegou a efectuarse até este momento, nin tan sequera na chamada 1ª vaga de contaxio do virus.

Resulta preocupante que despois de varias semanas nas que a tendencia de positivos detectados na comarca de Ferrol era á alza, aparezan problemas de atención na área hospitalaria tendo que recorrer á derivación dun doente, cos trastornos que isto implica para o propio doente e máis para os seus familiares, cando parece que non se esgotaron todas as posibilidades de atención na propia comarca previstas nos plans de continxencia, nomeadamente o recurso ás instalacións do hospital naval.

Ao mesmo tempo os medios de comunicación fanse eco do contaxio de até 10 persoas que prestan servizo no 7º andar do Arquitecto Marcide, onde están ingresados os doentes COVID19.

Diante disto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantos ingresos hai actualmente na área sanitaria de Ferrol relacionados co COVID19? Cal foi a evolución ou histórico de ingresos?

Cal é a comparativa coa primeira vaga da crise?

Cantas camas están dispoñíbeis na área sanitaria de Ferrol para atender doentes COVID19? Cantas había durante a primeira vaga?

Cantas camas UCI están dispoñíbeis na área sanitaria de Ferrol para atender doentes COVID19? Cantas había durante a primeira vaga?

Por que non están dispoñíbeis as instalacións do Hospital Naval para atender doentes diagnosticados de COVID19?

Hai problemas de persoal na área sanitaria de Ferrol para atender as necesidades da PANDEMIA? En que especialidades?

Que medios humanos e técnicos están destinados ao rastrexo dos contactos con positivos COVID19 na área sanitaria de Ferrol?

Cantas probas PCR se teñen realizado nesta área nos últimos 20 días? Cantas foron positivas?

Que previsións manexa o SERGAS sobre a evolución dos positivos non hospitalizados a respecto das posibilidades de finalmente precisen ingresar?

Canto é o tempo medio de espera entre a solicitude da PCR cursada polo persoal de atención primaria até a realización da proba?

Cantos contaxios entre o persoal do SERGAS da área de Ferrol se levan producido desde o comezo da PANDEMIA?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantos de eses contaxios valoran o SERGAS e a Consellaría que se teñen producido no ámbito do traballo?

Que valoracións fan a este respecto os organismos preventivos nos que participa a representación legal do persoal?

Como explican este último gromo que afecta a 10 persoas entre o persoal sanitario do CHUF? Requiriu o SERGAS informe á representación do persoal a este respecto?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2020

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/11/2020 18:16:04

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2020 18:16:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 16/11/2020 18:16:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Mercedes Queixas Zas, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación das empresas MALASA e NOA MADERA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste contexto extraordinario provocado pola covid-19, co obrigado incremento do gasto público para atender demandas urxentes da poboación en Galicia nos distintos eidos económicos, sociais, educativos e sanitarios, chama a atención que a Xunta de Galicia non teña repensado a súa política tributaria, máxime nun contexto de posible caída de recadación.

Baixada de recadación que, por outra banda, vense producindo en Galicia de xeito progresivo nos últimos anos, especialmente no eido do Imposto de Sucesións, Patrimonio e Transmisións Patrimoniais, a consecuencia dunha política tributaria, onde algunha das figuras tributarias cedidas xa outorgan máis beneficios fiscais que ingresos. Unha estratexia que lle permite a Xunta de Galicia auto- renunciar as súas capacidades de xeración de ingresos, sen prexuízo



de formular unha confrontación permanente con Madrid, en aras de obter máis e mellor financiación.

A Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIREF) no seu Informe do 15 de xullo do 2020 sobre execución orzamentaria, débeda pública e regra de gasto 2020 da nosa Comunidade Autónoma, anticipa un desplome respecto do ano 2019 do 42 % no Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, cun impacto na recadación de aproximadamente 100 millóns de euros. Unha caída incluso menor que a prevista pola propia Facenda autonómica.

Con datos de execución correspondentes ao ano 2019, no que atinxe ao Imposto de Sucesións, a Xunta de Galicia recadou 131,3 millóns de euros, un 34,5 % menos que no ano 2018, onde a recadación por este imposto ascendeu a 196,5 millóns.

Nesta situación a aplicación de medidas fiscais adicionais e excepcionais, xunto co debate sobre un sistema tributario máis progresivo e xusto, resulta de todo pertinente para garantir os recursos necesarios para implementar as políticas públicas que necesitamos con urxencia.

A Xunta de Galicia ten autonomía fiscal por canto conta con tributos propios, xestiona e recada tributos cedidos e participa na recadación de impostos estatais, caso do IRPF, a través da cota autonómica.

Diante do exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Considera a Xunta de Galicia que diante da caída de recadación provocada pola covid-19, é necesario abordar un debate rigoroso cara a implantación dun sistema tributario máis progresivo, equitativo e xusto?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 17:04:39
Nº Rexistro: 5649
Data envío: 19/11/2020 17:04:39.322

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/11/2020 16:55:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/11/2020 16:55:34

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Marina Ortega Otero e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Foi en marzo do ano 2018 cando foi presentado o proxecto “Ecobarrio” no salón de Plenos do Concello de Ourense de Galicia. Anunciaba daquela o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Nuñez Feijoo, xunto co alcalde, Jesús Vázquez, o conselleiro de Economía, Francisco Conde e a delegada territorial da Xunta de Galicia, Marisol Díaz, entre outros que o Proxecto Ecobarrio convertería a Ourense na primeira cidade de Europa en utilizar xeotermia, que contaría cunha inversión de 20 millóns de euros e unha previsión de crear 300 postos de traballo, na súa primeira fase, xerando calefacción e auga quente para 31 edificios públicos e 18 vivendas privadas.

Manifestaba o presidente da Xunta de Galicia en declaracións os medios de comunicación que consistía nunha aposta polas enerxías renovables, cun proxecto de “futuro, pioneiro e estratéxico”, cunha actuación prevista no barrio da Ponte, que pasaría a converterse nun Ecobarrio, cos aproveitamentos dos recursos existentes no subsuelo.

Resaltando que este proxecto suporía para Ourense que esta se converterá na primeira cidade europea en utilizar este tipo de enerxía, e referencia na loita contra o cambio climático, aproveitando para elo “*o gran potencial con que conta. A xeotermia que nos está esperando*”. Ademais durante a presentación do proxecto, na que tamén participou o entón comisario polo Clima e Enerxía da Comisión Europea, D. Miguel Arias Cañete, o presidente da Xunta de Galicia destacou que, na súa primeira fase, levara consigo unha inversión de 20 millóns de euros e a estimación de crear uns 300 postos de traballo.

En xuño de 2018 faise público polo Goberno galego a aprobación do protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense, así coma o Adif para a execución de proxecto “Ecobarrio”.



Nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019 consignáronse para este proxecto 2,4 millos de euros e nos do ano 2020, 741.000 euros.

En Maio do 2019 o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), organismo dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria anunciaba que acaba de dar un importante paso co fin de desbloquear unha das pezas do “Ecobarrio” da Ponte adxudicando a implantación dunha oficina destinada a proporcionar información a persoas interesadas, comunidades de propietarios e usuarios de edificios públicos , como punto de información de referencia para interesarse polas axudas e outras actuacións que se levarán a cabo, destinando a tal fin a Xunta de Galicia 467.907 euros, o que segundo afirmaron, permitiría tela aberta ata o 31 de decembro de 2021.

Na actualidade esta oficina permanece pechada dende hai máis dun ano o remate das obras de acondicionamento do local. Dos 20 millóns de euros anunciados so nos consta unha execución de 695.856 euros.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asina formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que o presidente da Xunta de Galicia anunciara en marzo de 2018, unha inversión de 20 millóns de euros para o Proxecto “Ecobarrio” da Ponte en Ourense e só alcanzara a data de hoxe unha execución de 695.856 euros?
2. Que actuacións ten previstas o Goberno galego en relación co Proxecto “Ecobarrio” para Ourense?
3. Por que a Oficina de Información “Ecobarrio” na zona da Ponte en Ourense, despois de ser adxudicada de forma nominal á Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética ata decembro do ano 2021, se atopa pechada na actualidade?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro do 2020



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/11/2020 17:21:34

Martín Seco García na data 19/11/2020 17:21:43

Marina Ortega Otero na data 19/11/2020 17:21:55

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/11/2020 17:22:05



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O cambio climático ou quentamento global de orixe antropoxénico é na actualidade a maior ameaza á que se enfronta a humanidade, na medida en que o clima determina, directa ou indirectamente, todos os aspectos das nosas vidas, dende a produción de comida ata as necesidades enerxéticas, de vivenda, auga, etc, e se retroalimenta co resto do sistema biofísico planetario producindo a ruptura de equilibrios ecolóxicos a todos os niveis, perda de biodiversidade, incendios de intensidade e periodicidade infrecuente, fenómenos climatolóxicos extremos, e un longo etcétera.

O impacto económico da adaptación ao cambio climático estímase en estudos relativamente recentes entre o 7 % e o 15 % do PIB mundial, aínda que outros estudos menos recentes como o Informe Stern estímalo nun 20 % e case todos os estudosos asumen que estes informes poderían subestimar o dito impacto dado que a incerteza na materia é moi elevada.

En especial, a posibilidade de que se desencadeen os chamados bucles de realimentación (liberación de metano por derretemento do *permafrost*, perda de efecto *albedo* por diminución do xeo na superficie do planeta, deforestación, etc, etc) que poderían acelerar o cambio climático. En xeral, as predicións relativas á evolución do cambio climático tenden a empeorar co paso do tempo e co avance da ciencia aplicable.

España e Galicia, como zonas de transición climática, son singularmente vulnerables ao cambio climático e as súas consecuencias poden ser máis graves ca noutros países, con graves repercusións sobre a agricultura, gandaría, bosques ou migracións, afectando a toda a sociedade.

A declaración de emerxencia climática é un movemento de alcance internacional que pretende que dende as institucións públicas se asuma a realidade do grave impacto do cambio climático e a urxencia de actuar contra el e, en consecuencia, o compromiso de facelo.



Como xa anticipamos antes, sobran razóns para a declaración de emerxencia climática: aumento das temperaturas, perda de terreo cultivable, desertización, subida do nivel do mar, récords de concentración de CO2 no nivel da atmosfera (de 270 partes por millón antes da revolución industrial a case 400 agora), acidificación do océano, fenómenos meteorolóxicos extremos, migracións masivas e os efectos políticos de inestabilidade que todo o anterior supón aconsellan actuar xa e non demorar nin un só minuto a acción contra o cambio climático.

Para maior abastanza, o cambio climático está en relación e forma parte do colapso gradual dos ecosistemas que comezou no século XX e está a acelerarse no século XXI, e son moitos os científicos que afirman que a pandemia que padecemos actualmente é un efecto máis dese desequilibrio ecolóxico global. Por iso, dúcias de países e cidades están declarando a emerxencia climática. España declarou a emerxencia climática a principios deste ano. Cataluña, Castela A Mancha, Aragón, Baleares, Canarias, a Comunidade Valenciana, País Vasco, Asturias, Murcia, Cantabria, Estremadura, Navarra ou Asturias están en proceso ou declararon xa a emerxencia climática. Tamén decenas de concellos de todo o Estado teñen declarado a emerxencia climática, sendo Vigo a primeira cidade de Galicia en facelo.

Galicia, a diferenza de todas as CC.AA anteriormente mencionadas, quedou adiada e non fixo ningún movemento neste sentido, salvo sacar do caixón a estratexia contra o cambio climático do ano 2005 e renova-la no ano 2019, anunciando a bombo e prato que Galicia sería pioneira nesta materia (outra de tantas estratexias publicitarias do Goberno galego), esquecendo que España conta dende principios do ano pasado, e niso si é pioneira dado que foi o primeiro país do mundo en facelo, cunha estratexia de transición xusta no marco do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Por que o Goberno galego non declarou aínda a emerxencia climática cando xa o fixeron o Goberno do Estado e a gran maioría das CC.AA?

2ª) Pensa o Goberno galego, a pesar dos informes científicos, que o cambio climático non ten transcendencia en Galicia como para declarar a emerxencia climática?



3ª) Vai a Xunta de Galicia declarar a emerxencia climática comprometéndose a que as políticas públicas de Galicia afronten con decisión a ameaza para a nosa supervivencia colectiva que supón o cambio climático?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/11/2020 14:12:41

Paloma Castro Rey na data 19/11/2020 14:13:00



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O marisqueo –practicado intensamente en Galicia dende tempos inmemoriais segundo amosan os vestixios arqueolóxicos- é non soamente fonte de riqueza senón parte da nosa cultura e da nosa identidade, ademais de ser unha actividade produtiva non deslocalizable, intensiva en man de obra, en boa medida feminina, e parte da cadea de valor do sector da conserva, de enorme importancia en Galicia, así como da hostalería, o cal outórgalle un carácter estratéxico, que se ve reforzado polo feito de ir da man da conservación do medio, prioridade de calquera política pública no século XXI e sinaladamente no ámbito da Unión Europea.

Chama a atención, considerando todo o anterior, que tanto o volume da produción marisqueira como os postos de traballo asociados a esa actividade non deixen de minguar.

Así, un estudio de investigadores galegos publicado na revista *Marine Policy* en 2019 sinalaba a existencia dunha "crise oculta" no sector marisqueiro galego, larvada na última década, concluíndo, tras recoller datos de distintas fontes, que se deron descensos tanto no número de barcos dedicados ao marisqueo (caeu un 13 %), os desembarques e o valor de venta das distintas especies (que caeron un 16 % e un 13 %, respectivamente), así como a cifra de mariscadoras a pé, que se viu reducida á metade. Segundo o dito estudo, as causas son debidas a un cúmulo de factores e a solución a este declive pasa por inverter na recuperación das especies autóctonas e máis políticas contra a contaminación e o furtivismo.

Dentro dese declive xeral, A ría de Ferrol, onde hai non moitos anos chegaron a mariscar máis de 600 persoas, está hoxe baixo mínimos, non chegando a 70 persoas as que poden mariscar e dun xeito insuficiente para obter un mínimo de subsistencia. Nos últimos tempos, a situación deteriorouse ata tal punto que os patróns das confrarías da ría calcularon en setembro nun 90% o descenso da produción de ameixa, considerando que a propia supervivencia do marisqueo na ría está en cuestión, afectado por causas que a Xunta non é capaz de determinar, xa que se falou primeiro do parasito *Perkinsus*, pero recoñeceu logo a Xunta os



proprios mariscadores que pode haber outras causas e que non sabe realmente o que está pasando na ría.

Así, despois de solicitar reiteradamente á Xunta de Galicia a adopción de medidas para solucionar esta situación, e de chegar a manifestarse en diversas ocasións, nunha recente reunión celebrada en Santiago, representantes das tres confrarías (Ferrol, Mugardos e Barallobre) da ría non obtiveron ningún tipo de resposta positiva da administración galega, manifestando o patrón da confraría de Barallobre que "Nos han trasladado que si son conscientes de que hai un problema en la ría pero que no saben realmente a que es debido, que lo están intentando averiguar, pero no nos aportan una solución ni tampoco ningún recurso económico para la falta de producto que tenemos".

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que está facendo e ten previsto facer a Xunta de Galicia para solucionar o dramático descenso da produción marisqueira da ría de Ferrol?

2ª) Sabe a Xunta de Galicia cales son as causas do dramático descenso da produción marisqueira da ría de Ferrol?

3ª) Fixo a Xunta de Galicia, como Administración competente, un estudio integral da situación e das causas do declive do marisqueo na ría de Ferrol? Ten previsto facelo?

4ª) Vai a Xunta de Galicia conceder algún tipo de axuda ás persoas mariscadoras da ría de Ferrol para compensar ese declive?

5ª) Vai a Xunta poñer en práctica un plan de rexeneración integral e recuperación da actividade marisqueira nunha ría na que o marisqueo parece estar hoxe en transo de chegar á desaparición?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/11/2020 17:47:35

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2020 17:47:49





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2020 18:09:55
Nº Rexistro: 5664
Data envío: 19/11/2020 18:09:55.629

Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2020 17:48:11



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rei, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A actual delegada da Xunta en Pontevedra, dona María Luisa Piñeiro Arcos e o presidente da Federación galega de fútbol e ex presidente da Deputación de Pontevedra, don Rafael Louzán, foron no seu momento acusados pola Fiscalía de prevaricación e fraude en relación coa remodelación dun campo de fútbol no concello de Moraña. A fiscalía pide 3 anos de prisión e 9 de inhabilitación para Louzán como autor e a mesma pena para Luisa Piñeiro, como cooperadora necesaria do primeiro delito e coautora do segundo, ademais doutras acusacións que afectan a outras persoas en relación cos mesmos feitos. A celebración do xuízo terá lugar o venres 20 de novembro.

No escrito de acusación, o fiscal fixa o inicio das irregularidades en decembro de 2011, cando a Deputación de Pontevedra aprobou un convenio co Concello de Moraña, que tiña por obxecto remodelar o campo de fútbol deste municipio, e incluía unha achega de case un millón de euros por parte do Goberno provincial, máis 21.000 euros para a redacción do proxecto.

A actuación financiouuse mediante unha subvención discrecional de Louzán, entón presidente da Deputación, e foi adxudicado á empresa construtora Eiriña.

Dous anos despois, a Deputación aprobou modificar o proxecto para, segundo o fiscal, abonar uns 86.000 euros á construtora por un sobrecusto relativo a unhas obras no contratadas, a pesar de que a lei impedía exceder o importe da adxudicación.

Segundo o fiscal, ante a negativa dos técnicos da Deputación a abonar ese incremento, os acusados "idearon un sistema artificioso, en fraude de lei, tendente a abonar a la empresa Eiriña el importe que reclamaba sobre el presuposto aprobado".

A entón alcaldesa (hoxe delegada da Xunta) solicitou unha nova subvención á Deputación para executar unha serie de melloras no vestiario e as gradas do campo que, segundo o fiscal, facían referencia á execución de obras, que, polo menos parcialmente, xa foran realizadas.



A pesar de que o proceso de contratación incluíu a outras empresas -propiedade de dous dos acusados- como "mero trámite", segundo o fiscal, as obras foron adxudicadas a Eiriña mediante una partida de libre disposición do presidente da Deputación para cubrir o sobrecusto inicial, tamén segundo o fiscal.

A imputación non tivo ningunha consecuencia para a Sra. Piñeiro, que ascendeu na escala 'popular' pasando de alcaldesa de Moraña a actual delegada da Xunta en Pontevedra.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que os feitos relatados pola fiscalía non son suficientemente graves como para apartar á actual delegada da Xunta do seu cargo, non só pola posible responsabilidade penal senón tamén pola responsabilidade política que existe con independencia da primeira?

2ª) Por que mantivo, durante todo este tempo, o Goberno galego á Sra. Piñeiro como delegada a pesar da gravidade das acusacións da fiscalía?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 19/11/2020 17:57:00

Paloma Castro Rey na data 19/11/2020 17:57:14



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela, Pablo Arangüena Fernández, Marina Ortega Otero, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O equipo de Wim van der Poel, investigador xefe da área de Virus Emerxentes e Zoonosis do Centro de Investigación Bioveterinaria da Universidade de Wageningen (WBVR, siglas en inglés), secuenciou o xenoma do virus SaRS-COV-2.

A secuenciación do xenoma completo dos brotes de SARS-CoV-2 en 16 granxas de visóns de Países Baixos, revelou a transmisión do virus entre humanos e visóns, e viceversa, isto provocou que derivado da aparición de varios brotes en diferentes granxas, os gobernos destes países levarán a cabo o sacrificio masivo destes animais.

En España o Goberno de Aragón decretou o pasado mes de xullo o sacrificio obrigatorio de 92.700 exemplares en granxas desta comunidade tras detectarse diversos casos de contaxio en animais e persoal destas instalacións.

No territorio galego atópanse 25 granxas de visóns deste tipo, a meirande parte das existentes en España, que poden converterse nun perigo sanitario de non ter un control exhaustivo polas autoridades competentes.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten a Xunta de Galicia elaborado algún informe de carácter epidemiolóxico das 25 granxas de visóns existentes en Galicia?
2. Cree a Xunta de Galicia que pode existir perigo de aparición dun gromo nestas granxas?



3. Vai a tomar a Xunta de Galicia algún tipo de medida en relación a estas granxas co perigo sanitario que estas supoñen?
4. Vai levar a cabo, probas PCR con carácter periódico, ás persoas traballadoras destas granxas?
5. Vai levar a cabo probas PCR de forma aleatoria e periódica, aos visóns destas granxas?
6. Ten a Xunta de Galicia elaborado algún plan de actuación para o caso de que apareza un gromo nalgunha das granxas sitas en Galicia?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Pablo Arangüena Fernández
Marina Ortega Otero
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/11/2020 18:21:57

Julio Torrado Quintela na data 19/11/2020 18:22:04

Pablo Arangüena Fernández na data 19/11/2020 18:22:11

Marina Ortega Otero na data 19/11/2020 18:22:21

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/11/2020 18:22:29

Patricia Otero Rodríguez na data 19/11/2020 18:22:38





En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **955**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a fichaxe da exconselleira de Medioo Ambiente e Ordenación do Territorio pola empresa Greenalia”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 6 de novembro na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o director xeral de Función Pública dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á iniciativa con número de rexistro 956 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista galego.

Na súa intervención o director xeral explicou de maneira pormenorizada a normativa de boas prácticas e bo goberno que se aplica na Administración autonómica a calquera expediente de compatibilidade que se solicita, que son entre 600 e 700 cada ano. O director xeral tamén fixo un relato pormenorizado sobre como se tramitou o expediente, obxecto da iniciativa, por parte da Dirección Xeral da Función Pública explicando que se tramitou coas mesmas garantías dos centos que tramita do mesmo tipo cada ano e que unha vez analizado, se decretou a compatibilidade, en base ao cumprimento da normativa vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2020 09:41:08
Nº Rexistro: 5467
Data envío: 17/11/2020 09:41:08.970

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/11/2020 9:41:05

CSV: BOPGDSPGA3dLDdRM12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2030**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Iria Carreira Pazos, sobre **“as previsións do Sergas referidas ao restablecemento da atención presencial nos consultorios médicos de Paradela, no concello de Meis, e de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa, así como sobre a atención pediátrica no de Meis, e sobre a súa opinión respecto da calidade da atención sanitaria que estes están prestando”**, (publicada no BOPG número 20 do 23 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Respecto ao peche do consultorio de Vilaxoán podemos sinalar debemos recordar que seguimos nunha pandemia que aínda non rematou. Esta situación obríganos a todos, e con máis motivo ás autoridades e responsables sanitarios, a tomar as medidas de prevención axeitadas para preservar a seguridade tanto dos pacientes coma dos profesionais. Este é o principal motivo polo que tomamos estas medidas organizativas de peche transitorio de consultorios.

En segundo lugar, debemos sinalar que este peche non é definitivo, pode permanecer mentres a situación sanitaria provocada pola pandemia, de forma que no seu momento esta medida será revertida.

Os consultorios, na maioría das ocasións, non reúnen as condicións mínimas de seguridade, de forma que non hai posibilidade, entre outras situacións, de dispoñer de local de illamento de pacientes con sospeita COVID ou poder contar con circuitos diferenciados para pacientes respiratorios e non respiratorios. Hoxe desde sanidade falar de prazos é moi complicado por mor da situación que estamos a vivir, unha situación dunha pandemia sen precedentes, polo que hai que adaptarse en cada momento. O principal interese é que existan espazos seguros que temos que garantir para os nosos pacientes e tamén para os nosos profesionais.

Alguns consultorios como infraestruturas non reúnen as garantías que se precisan para que sexan espazos seguros, xa que non teñen posibilidade de espazos separados para o acceso de pacientes sospeitosos de Covid independente do resto



dos pacientes. Non dispoñen de salas independentes para albergar aos pacientes mentres esperan ser atendidos polos facultativos ou enfermeiras do centro independentes ou separados do resto das persoas que acudan ao centro de saúde.

Ademais das dificultades estruturais engádense outras situacións que son tamén ben coñecidas e que non soamente ocorren en Galicia. As baixas laborais nun centro pequeno teñen un maior impacto que nun centro maior, nun centro con mais profesionais. Estas baixas están aí, a falta de médicos nas listas de contratación é coñecida por todos e non lle podemos dar unha solución inmediata.

Co desprazamento do persoal dos consultorios aos centros de saúde o que pretendemos é axuntar esforzos para poder dar a mellor atención sanitaria a poboación nestes momentos nos que estamos a vivir unha pandemia sen precedentes.

Falar de prazos é complicado, falar de prazos mentres non temos vacina, mentres non sabemos cara onde vai camiñar a pandemia. Estamos nunha situación de incerteza, que é a realidade que temos agora mesmo en Galicia que si ben estamos moito mellor que outras comunidades temos que estar preparados por si a situación vai a peor. Os peches de consultorios son situacións transitorias, e non temos intención desde o Servizo Galego de pechar ou polo menos non está encima da mesa a intención de facer un peche definitivo de consultorios, de feito se fará un esforzo e poder ir abrindo certa parte da actividade dos mesmos.

A situación na que estamos non é a que desexamos pero ven condicionada pola pandemia e nestes momentos é a que mellor garante a atención sanitaria da poboación. Queremos garantir espazos seguros e que a poboación teña garantida a asistencia sanitaria nas mellores condicións posibles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5515
Data envío: 18/11/2020 14:47:30.567

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2020 14:47:25

CSV: BOPGDSPGA3dLDdRM12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3309**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto a investigación sanitaria en Galicia e as condicións laborais das traballadoras e traballadores das fundacións biomédicas galegas”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde as Fundacións de investigación sanitaria amosouse unha firme intención de poder formalizar convenios colectivos neste ámbito. Debe destacarse que é a primeira vez que se está negociando un convenio colectivo no Marco de calquera de estas tres fundacións desde a súa existencia.

Por parte dos representantes das Fundacións de investigación cúmplense estritamente cos acordos que se acadaron sobre a forma de levar a cabo as negociacións (periodicidade das reunións, rotación polas tres áreas) e se está levando a cabo unha negociación conxunta, aun tratándose de tres entidades con personalidade xurídica propia diferenciada que precisaran de tres acordos distintos.

Respecto á representación das Fundacións debe indicarse que o seu órgano de goberno, o seus padroados respectivos, son os que teñen a capacidade de decisión final e do que forman parte entidades externas ao Sergas como poden ser as Universidades. En calquera caso parece razoable que no proceso de negociación poida contarse co asesoramento que se considere adecuado, do mesmo modo que os comités de empresa o teñen con representantes das súas organizacións sindicais. Debe indicarse, en calquera caso, que este proceso se viu dificultado pola situación sanitaria que atravesamos, pero esperamos que se poida finalmente concluír este proceso cun acordo que, como se indicaba, sería a primeira vez que se producira en



Galicia no ámbito das fundacións de Investigación, incluso cando o partido que formula esta pregunta tiña responsabilidades de Goberno”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5516
Data envío: 18/11/2020 14:48:01.051

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2020 14:47:57

CSV: BOPGDSPGA3dLDdRM12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita número: **3625**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os criterios que está a seguir a Secretaría Xeral para o Deporte para a concesión de axudas, mediante convenios ou subvencións, para a construción ou mellora das instalacións deportivas de titularidade municipal, os datos referidos ás tramitadas na X lexislatura e a data prevista para a publicación do censo de instalacións deportivas de Galicia, así como a operatividade e inscricións do seu rexistro”**, (publicada no BOPG número 34 do 22 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“En resposta ás cuestións formuladas con respecto aos convenios de colaboración, a Secretaría Xeral para o Deporte acomete, no exercicio das competencias e funcións que lle son propias, actuacións no ámbito das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma, actuacións que posibilitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas, así como daquelas que presenten un maior interese deportivo.

Neste contexto, o departamento autonómico actúa tanto en instalacións deportivas propias como, en colaboración coas administracións locais e outros entes de dereito público, en instalacións deportivas de terceiros. Nesta segunda vertente, ano a ano e conforme ás disponibilidades orzamentarias, a Secretaría Xeral ven recollendo as necesidades en infraestruturas propostas polos distintos concellos de Galicia, e facendo unha selección en atención á necesidade deportiva, á urxencia segundo o estado no que se atopa a infraestrutura en cuestión, a poboación que aglutina o concello e influencia na comarca e o apoio ao desenvolvemento aos concellos do rural. Logo da preceptiva tramitación administrativa, todos os convenios son obxecto



da publicidade correspondente nos termos esixidos pola lexislación en vigor, nomeadamente o decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Polo que respecta ás cuestións relativas ao Censo e ó Rexistro, a norma que regula o Rexistro de Instalacións Deportivas atópase en plena tramitación -neste momento, á informe do servizo xurídico, tralo que se lle dará traslado ao Consello Consultivo de Galicia, tamén para informe-, prevéndose a súa próxima publicación.

Finalmente, compre apuntar que o titular da a Secretaría Xeral para o Deporte atende a todas as alcaldesas e alcaldes que solicitan entrevistas ou visitas para demandar instalacións ou para calquera extremo que sexa de interese para o desenvolvemento deportivo do municipio e da Comunidade Autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2020 09:43:06
Nº Rexistro: 5468
Data envío: 17/11/2020 09:43:06.001

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/11/2020 9:43:02

CSV: BOPGDSPGA3dLDdRM12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3681**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión da Xunta de Galicia en relación coa contaminación detectada nas augas do río Eume o día 6 de outubro de 2020, os expedientes sancionadores abertos por contaminación dende a creación do parque natural das Fragas do Eume e os plans do Goberno galego para garantir a restauración ambiental do encoro e da súa contorna”**, (publicada no BOPG número 34 do 22 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en comisión número 3669, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª, celebrada o pasado 6 de novembro de 2020, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia fixo mención, entre outras cuestións, ao conxunto de medidas adoptadas pola Xunta para poder restablecer o consumo de auga no concello de Pontedeume, entre as que se inclúen a modernización da potabilizadora municipal, co obxectivo de optimizar o funcionamento da planta e garantir a calidade da auga do abastecemento á poboación.

A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2020-11-06?part=918ddcf8-4efd-47cc-bc49-d5cba758e175&start=2376>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2020-11-06?part=918ddcf8-4efd-47cc-bc49-d5cba758e175&start=3389>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5518
Data envío: 18/11/2020 14:49:21.020

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2020 14:49:17

CSV: BOPGDSPGA3dLDdRM12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3712**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da instalación, con carácter urxente, de pasos de peóns e regulación semafórica na estrada AC-546, ao seu paso polas parroquias de Barcala, Corneira e Ordoeste, no concello da Baña”**, (publicada no BOPG número 37 do 29 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en comisión número 3662, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 6 de novembro de 2020, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da AXI salientou, entre outras cuestións, a necesidade de que as actuacións que se realicen nas estradas deben priorizar os criterios técnicos para garantir a seguridade dos usuarios vulnerables. Neste sentido, os informes técnicos desaconsellan a instalación dun paso de peóns na estrada AC-546, ao seu paso pola Baña, xa que podería resultar perigoso ao non cumprir as directrices da normativa.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2020-11-06?part=918ddcf8-4efd-47cc-bc49-d5cba758e175&start=5708>



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2020-11-06?part=918ddcf8-4efd-47cc-bc49-d5cba758e175&start=6422> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 5517
Data envío: 18/11/2020 14:48:36.067

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2020 14:48:32

CSV: BOPGDSPGA3dLDdRM12
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

